

Autovía Logroño-Pamplona.
 Autovía Huesca (Nueno)-fronteira francesa.
 Autovía Huesca-Pamplona.
 Autovía Huesca-Lleida.
 Autovía Lleida-fronteira francesa (Vielha).
 Autovía Vic-Olot-Figueres-fronteira francesa.
 Eixe do Sella.
 Autovía Tarragona-Montblanc-eixe transversal.
 Autovía Valladolid-León.
 Autovía Linares-Albacete.
 Autovía Trujillo-Cáceres.
 Autovía Alcoy-Xátiva.

B) Así mesmo, as actuacións en medio urbano ou acondicionamentos:

Acceso aeroporto Jerez de la Frontera (Cádiz).
 Acondicionamento Cerro Murriano-Córdoba (Córdoba).
 Adecuación vía Hispanidade entre N-322 e N-330 (Zaragoza).
 Enlaces de Lieres-enlace de la Masanti (Oviedo).
 Ronda oeste de Burgos.
 Variante da Font de la Figuera.
 Variante de Villajoyosa (Alicante).
 Duplicación terceiro carril en Alcudia (Valencia).
 Prolongación e melloras acceso sur de Barajas (Madrid).
 Conexión aeroporto-Vte. N-II. Vías de servicio sur de Barajas (Madrid).
 Eixe aeroporto-Hortaleza.
 Variante de Tirgo (La Rioja).
 Variante de Ausejo (La Rioja).
 Acondicionamentos en tres treitos da N-232 (La Rioja).
 Na Comunidade Autónoma de Canarias: as que se executen en aplicación e/ou desenvolvemento do convenio asinado co Goberno canario o 16 de abril de 1997.
 Na Comunidade Autónoma de Illes Balears: as que se executen en aplicación e/ou desenvolvemento do convenio asinado co Goberno balear o 21 de xaneiro de 1998.
 Acondicionamento da N-I no Condado de Treviño.
 Mellora e/ou acondicionamento dos treitos de auto-vías de primeira xeración (N-I, N-II, N-III e N-IV).

24515 LEI ORGÁNICA 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. («BOE» 307, do 24-12-2001.)

JUAN CARLOS I
 REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O sistema universitario español experimentou profundos cambios nos últimos vinte e cinco anos; cambios impulsados pola aceptación por parte das nosas universidades dos retos presentados pola xeración e transmisión dos coñecementos científicos e tecnolóxicos. A nosa sociedade confía hoxe máis ca nunca nas súas universidades para afrontar novos retos, os derivados da sociedade do coñecemento nos albores do presente século.

Durante as últimas dúas décadas, a vella institución universitaria transformouse radicalmente. A Constitución consagrou a autonomía das universidades e garantiu, con esta, as liberdades de cátedra, de estudio e de inves-

tigación, así como a autonomía de xestión e administración dos seus propios recursos. Durante este período, as universidades triplicáronse, creándose centros universitarios en case tódalas poboacións de máis de cincuenta mil habitantes, nos que hoxe se estudian máis de cento trinta titulacións diferentes. Tamén culminou hai a penas uns anos o proceso de descentralización universitaria, transferíndoselles ás administracións educativas autonómicas as competencias en materia de ensino superior. Non de menor magnitude foi a transformación tan positiva no ámbito da investigación científica e técnica universitaria, que ten por principais destinatarios os propios estudantes das nosas universidades, que non só reciben nelas unha formación profesional adecuada, senón que poden beneficiarse do espírito crítico e a extensión da cultura, funcións ineludibles da institución universitaria.

Este esforzo compartido por universidades, administracións educativas e a propia sociedade foi extraordinario, e é por iso polo que agora, conscientes do camiño percorrido, tamén o somos de que é necesaria unha nova ordenación da actividade universitaria. Esta, de forma coherente e global, debe sistematizar e actualizar los múltiples aspectos académicos, de docencia, de investigación e de xestión, que lles permitan ás universidades abordar, no marco da sociedade da información e o coñecemento, os retos derivados da innovación nas formas de xeración e transmisión do coñecemento.

Se recoñecemos que as universidades ocupan un papel central no desenvolvemento cultural, económico e social dun país, será necesario reforza-la súa capacidade de liderato e dota-las súas estruturas da maior flexibilidade para afrontar estratexias diferenciadas no marco dun escenario vertebrado. Esta capacidade permitiralles desenvolver a cada unha delas plans específicos acordos coas súas características propias, coa composición do seu profesorado, coa súa oferta de estudos e cos seus procesos de xestión e innovación. Só así poderán responder ó dinamismo dunha sociedade avanzada como a española. E só así, a sociedade poderá esixir das súas universidades a máis valiosa das heranzas para o seu futuro: unha docencia de calidade, unha investigación de excelencia.

Desde esta perspectiva, deséñase a moderna arquitectura normativa que reclama o sistema universitario español para mellora-la súa calidade docente, investigadora e de xestión; fomenta-la mobilidade de estudantes e profesores; profundar na creación e transmisión do coñecemento como eixe da actividade académica; responder ós retos derivados tanto do ensino superior non presencial a través das novas tecnoloxías da información e da comunicación como da formación ó longo da vida, e integrarse competitivamente xunto ós mellores centros de ensino superior no novo espacio universitario europeo que se está comezando a configurar.

Todos somos conscientes de que os cambios sociais operados na nosa sociedade están estreitamente relacionados cos que teñen lugar noutros ámbitos de actividade. Así, a modernización do sistema económico imponlles esixencias cada vez máis imperativas ós sectores que impulsan esa continua posta ó día; e non podemos esquecer que a universidade ocupa un lugar de privilexio nese proceso de continua renovación, concretamente nos sectores vinculados ó desenvolvemento cultural, científico e técnico. É por isto polo que as nosas universidades necesitan incrementar de xeito urxente a súa eficacia, eficiencia e responsabilidade, principios todos eles centrais da propia autonomía universitaria.

Tamén a formación e o coñecemento son factores clave neste escenario, caracterizado por vertixinosas transformacións nos ámbitos sociais e económicos. A nova sociedade demanda profesionais co elevado nivel cultural, científico e técnico que só o ensino universitario

é capaz de proporcionar. A sociedade esixe, ademais, unha formación permanente ó longo da vida, non só na orde macroeconómica e estrutural senón tamén como modo de autorrealización persoal. Unha sociedade que persegue conseguilo acceso masivo á información necesita persoas capaces de converter en coñecemento mediante a súa ordenación, elaboración e interpretación.

Estes novos escenarios e desafíos requiren novas formas de abordar e o sistema universitario español está no seu mellor momento histórico para responder a un reto de enorme transcendencia: articula-la sociedade do coñecemento no noso país; con esta lei preténdese dota-lo sistema universitario dun marco normativo que estimule o dinamismo da comunidade universitaria, e preténdese alcanzar unha universidade moderna que mellore a súa calidade, que sirva para xerar benestar e que, en función duns maiores niveis de excelencia, inflúa positivamente en tódolos ámbitos da sociedade.

Esta lei nace co propósito de impulsa-la acción da Administración xeral do Estado na vertebración e cohesión do sistema universitario, de profunda-las competencias das comunidades autónomas en materia de ensino superior, de incrementa-lo grao de autonomía das universidades, e de establece-las canles necesarias para fortalece-las relacións e vinculacións recíprocas entre universidade e sociedade.

É unha lei da sociedade para a universidade, na que ámbalas dúas disporán dos mecanismos adecuados para intensificaren a súa necesaria e fructífera colaboración. Constitúe así o marco adecuado para vincula-la autonomía universitaria coa rendición de contas á sociedade que a impulsa e a financia. E é o escenario normativo idóneo para que a universidade responda á sociedade, potenciando a formación e a investigación de excelencia, tan necesarias nun espazo universitario español e europeo que confía no seu capital humano como motor do seu desenvolvemento cultural, político, económico e social.

A lei articula os distintos niveis competenciais, os das universidades, as comunidades autónomas e a Administración xeral do Estado. Deseña un maior autogoberno das universidades e supón un incremento do compromiso das comunidades autónomas, o que implica para as primeiras unha maior eficiencia no uso dos recursos públicos e novas atribucións de coordinación e xestión para as segundas. Isto implica dotar de novas competencias as universidades e as comunidades autónomas respecto da anterior lexislación, co obxectivo de plasmar no texto de forma inequívoca a confianza da sociedade nas súas universidades e a responsabilidade destas ante as súas respectivas administracións educativas.

Así, as universidades terán, ademais das competencias actuais, outras relacionadas coa contratación de profesorado, o reingreso no servizo activo dos seus profesores, a creación de centros e estruturas de ensino a distancia, o establecemento dos procedementos para a admisión dos seus estudantes, a constitución de fundacións e outras figuras xurídicas para o desenvolvemento dos seus fins e a colaboración con outras entidades para a mobilidade do seu persoal.

E ás competencias das comunidades autónomas engádense, entre outras, a regulación do réxime xurídico e retributivo do profesorado contratado, a capacidade para establecer retribucións adicionais para o profesorado, a aprobación de programas de financiamento plurianual conducentes a contratos programa e a avaliación da calidade das universidades do seu ámbito de responsabilidade.

A sociedade española necesita que o seu sistema universitario se atope nas mellores condicións posibles de cara á súa integración no espazo europeo común

de ensino superior e, como principio fundamental, que os profesores mellor cualificados formen os estudantes que asumirán nun futuro inmediato as cada vez máis complexas responsabilidades profesionais e sociais.

De aí que sexa obxectivo irrenunciable da lei a mellora da calidade do sistema universitario no seu conxunto e en todas e cada unha das súas vertentes. Profúndase, por tanto, na cultura da avaliación mediante a creación da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación e establécense novos mecanismos para o fomento da excelencia: mellora-la calidade da docencia e a investigación, a través dun novo sistema obxectivo e transparente, que garanta o mérito e a capacidade na selección e o acceso do profesorado, e mellorar, así mesmo, a calidade da xestión, mediante procedementos que permitirán resolver con axilidade e eficacia as cuestións de coordinación e administración da universidade.

Mellora-la calidade en tódalas áreas da actividade universitaria é básico para forma-los profesionais que a sociedade necesita, desenvolve-la investigación, conservar e transmiti-la cultura, enriquecéndoa coa achega creadora de cada xeración e, finalmente, constituír unha instancia crítica e científica, baseada no mérito e o rigor, que sexa un referente para a sociedade española. Así, a lei crea as condicións apropiadas para que os axentes da actividade universitaria, os xenuínos protagonistas da mellora e o cambio, estudantes, profesores e persoal de administración e servizos, impulsen e desenvolvan aquelas dinámicas de progreso que promovan un sistema universitario mellor coordinado, máis competitivo e de maior calidade.

Outro dos obxectivos esenciais da lei é impulsa-la mobilidade, tanto de estudantes coma de profesores e investigadores, dentro do sistema español pero tamén do europeo e internacional. A mobilidade supón unha maior riqueza e a apertura a unha formación de mellor calidade, polo que tódolos actores implicados na actividade universitaria deben contribuír a facilita-la maior mobilidade posible e que esta beneficie o maior número de cidadáns.

As políticas de mobilidade son determinantes para que os estudantes poidan escoller libremente os centros e titulacións máis adecuados ós seus intereses persoais e profesionais, elección real que teñen recoñecida como un dereito e está ó seu alcance a través do distrito universitario aberto; como son fundamentais tamén para o profesorado das universidades, xa que introducen elementos de competencia con positivos efectos na mellora da calidade global do sistema universitario.

II

Despois de definir no título preliminar as funcións da universidade e as dimensións da autonomía universitaria, establécense as condicións e requisitos para a creación, recoñecemento, funcionamento e réxime xurídico das universidades, con algunhas precisións segundo sexan estas de natureza pública ou privada.

Polo que se refire ás universidades privadas, a lei regula de xeito detallado, respectando o principio de liberdade de creación de centros constitucionalmente recoñecido, os principais aspectos sobre os requisitos para o establecemento e funcionamento dos seus centros, a avaliación da súa calidade, e a expedición e homologación dos títulos a que conducen os estudos que imparten. A lei pretende, deste xeito, introducir para as universidades privadas esixencias xa requiridas ás universidades públicas, tendo en conta que ámbalas dúas perseguen uns mesmos obxectivos e se implican na mellora da calidade do sistema no seu conxunto.

III

A lei establece unha nítida distinción entre as funcións de goberno, representación, control e asesoramento, correspondendo cada unha destas a un órgano distinto na estrutura da universidade. Igualmente, refórzanse os procesos executivos de toma de decisións por parte do rector e do Consello de Goberno, e establécense esquemas de coparticipación e corresponsabilidade entre sociedade e universidade; para iso, respectando a autonomía das universidades, complétanse as competencias do Consello Social para que poida asumir a supervisión de tódalas actividades de carácter económico da universidade e o rendemento dos seus servicios.

Créase, como máximo órgano de goberno universitario, o Consello de Goberno, que, presidido polo rector, establecerá as liñas estratéxicas e programáticas nos ámbitos de organización das ensinanzas, investigación, recursos humanos e económicos. Neste deseño, o rector, que exercerá a dirección, goberno e xestión da universidade, será elixido directamente pola comunidade universitaria mediante sufraxio universal, libre e secreto. Outras novidades do marco normativo son a creación do Consello de Dirección, que asistirá ó rector na súa actividade á fronte da universidade, e da Xunta Consultiva, formada por membros do maior prestixio dentro da comunidade universitaria.

O Consello Social configúrase como o órgano de relación da universidade coa sociedade. A este órgano correspóndelle a supervisión da actividade económica da universidade e o rendemento dos servicios, así como a aprobación dos orzamentos. A súa regulación corresponde á lei das comunidades autónomas. Estará constituído por personalidades da vida cultural, profesional, económica e social que non poderán ser da propia comunidade académica, a excepción do rector, secretario xeral e xerente.

IV

O Consello de Coordinación Universitaria será o máximo órgano consultivo e de coordinación do sistema universitario, e configúrase como foro de encontro e debate entre as tres administracións que converxen no sistema universitario: estatal, autonómica e universitaria. A existencia dun número crecente de universidades privadas recomenda a súa participación neste foro, se ben con certas restricións cando se traten cuestións que só afectan as universidades públicas.

V

Unha das principais innovacións da lei vén dada pola introducción no sistema universitario de mecanismos externos de avaliación da súa calidade, conforme criterios obxectivos e procedementos transparentes. Para iso créase a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, que, de xeito independente, desenvolverá a actividade avaliadora propia de sistemas universitarios avanzados e tan necesaria para medi-lo rendemento do servizo público do ensino superior e reforza-la súa calidade, transparencia, cooperación e competitividade. A Axencia avaliará tanto as ensinanzas como a actividade investigadora, docente e de xestión, así como os servicios e programas das universidades; o seu traballo proporcionará unha información adecuada para a toma de decisións, tanto ós estudantes á hora de elixiren titulacións ou centros coma ós profesores e ás administracións públicas ó elaboraren as políticas educativas que lles corresponden. A Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación promoverá e garantirá a calidade das universidades, obxectivo esencial da política universitaria.

VI

As ensinanzas e títulos regúlanse mediante o establecemento de garantías en canto á calidade dos títulos oficiais e os plans de estudo, con distintos niveis de control da súa adecuación á legalidade vixente e a parámetros mínimos de calidade. A partir da entrada en vigor da lei, os plans de estudo serán avaliados tras un período inicial de implantación.

VII

O auxe da sociedade da información, o fenómeno da globalización e os procesos derivados da investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico están a transforma-los modos de organiza-la aprendizaxe e de xerar e transmitir-lo coñecemento. Neste contexto, a universidade debe liderar este proceso de cambio e, en consecuencia, reforza-la súa actividade investigadora para configurar un modelo que teña como eixe o coñecemento. A lei outorga, mediante un título propio, carta de natureza á actividade investigadora na universidade. O anteriormente exposto está en consonancia co manifesto compromiso dos poderes públicos de promoveren e estimularen, en beneficio do interese xeral, a investigación básica e aplicada nas universidades como función esencial destas, para que as innovacións científicas e técnicas se transfiran coa maior rapidez e eficacia posibles ó conxunto da sociedade e continúen a se-lo seu principal motor de desenvolvemento.

Establécense na lei os ámbitos de investigación, a importancia da formación de investigadores e a súa mobilidade, e considéranse distintos tipos de estruturas, incluída a creación de empresas de base tecnolóxica, para difundir e explota-los seus resultados na sociedade. A lei realza a importancia presente e sobre todo futura que a investigación ten como factor diferenciador e de calidade no desenvolvemento competitivo da universidade; e reconece, asemade, o positivo impacto da actividade científica na sociedade, na mellora da calidade de vida dos cidadáns e na creación de riqueza.

VIII

Os estudantes, protagonistas activos da actividade universitaria, forman parte esencial desta norma, que establece os seus dereitos básicos, sen prexuízo do que posteriormente fixen os estatutos de cada universidade. Noutra orde de cousas, para propicia-la mobilidade e a igualdade nas condicións de acceso ós estudos universitarios, reguladas nesta norma, prevese unha política activa e diversificada de bolsas e axudas ó estudo, en consonancia coa implantación do distrito universitario aberto.

IX

Sobre o profesorado, pedra angular da universidade, a lei adopta medidas consideradas unanimemente prioritarias para a comunidade universitaria, garantindo os principios de igualdade, mérito e capacidade na selección do profesorado funcionario e contratado. Artículanse distintos mecanismos que garantan un ensino de calidade no marco do ensino superior.

Así, a lei establece un sistema de selección máis aberto, competitivo e transparente, que mellorará a calidade a través dun proceso de habilitación que outorga prioridade ós méritos docentes e investigadores dos candidatos, garante a obxectividade nas probas de selección do profesorado e respecta a autonomía das universidades ó estableceren estas os procedementos de acceso

ós corpos docentes, segundo a súa programación e necesidades, dos profesores que fosen habilitados.

Deséñase, tamén, o desenvolvemento dunha carreira académica equilibrada e coherente, mediante a creación de novas figuras contractuais e a introducción de incentivos, segundo parámetros de calidade, por parte da Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e as propias universidades.

A lei fomenta o principio básico da mobilidade, así como as medidas que contén tanto para o profesorado funcionario como para o profesorado contratado.

Dáse a máxima flexibilidade para que as universidades poidan desenvolver a súa política de profesorado e planificar adecuadamente as súas necesidades docentes e investigadoras; neste sentido, posibilitáase a contratación de ata un máximo do corenta e nove por cento do total a porcentaxe de profesores contratados, a regulación e réxime xurídico dos cales serán competencia das comunidades autónomas, correspondéndose así os instrumentos financeiros dos que son responsables cos normativos que agora asumen.

E, por último, créanse novas figuras, coma a do profesor axudante doutor e a do profesor contratado doutor, e introdúcense criterios de calidade para a contratación estable deste profesorado por parte das universidades, dotando o procedemento de selección dun alto nivel de transparencia e rigor mediante o requisito da avaliación externa da actividade previa dos candidatos.

X

A lei reconece expresamente a autonomía económica e financeira das universidades, aspecto fundamental da autonomía universitaria. Cada universidade, en función das súas características diferenciadas, establecerá o seu réxime económico atendendo ós principios que se establecen na lei. Introdúcense mecanismos de flexibilidade facilitando que, de acordo coa normativa autonómica correspondente, poidan crearse fundacións ou entidades xurídicas que permitan perseguir os obxectivos propios da universidade con maior axilidade.

Así mesmo, o Estado exercerá a súa responsabilidade de vertebración do sistema universitario mediante o financiamento de programas orientados a dar cumprimento ós obxectivos previstos na lei, como os de mellora-la calidade do sistema universitario, fomenta-la mobilidade e promove-la integración das universidades no espacio europeo de ensino superior.

XI

Co obxecto de se adaptar ó espacio europeo de ensino superior a que se fixo referencia, a lei considera unha serie de medidas para posibilita-las modificacións que teñan que realizarse nas estruturas dos estudos en función das liñas xerais que emanen deste espacio. Así mesmo, recóllense previsións sobre o acceso dos nacionais de estados membros da Unión Europea ó desenvolvemento da función docente e investigadora nas universidades españolas, como persoal funcionario ou como contratado, de modo que se facilita a mobilidade do profesorado.

En definitiva, esta lei é o resultado dun traballo constructivo nun proxecto común que expresa o compromiso da sociedade co sistema universitario español. Pretende se-lo marco innovador, aberto e flexible que lles proporcione ás universidades as solucións normativas máis adecuadas e que responda, tendo en conta as súas distintas características, ás súas necesidades presentes e futuras, sempre co obxectivo e horizonte da mellora da calidade e a excelencia, do desenvolvemento da actividade universitaria como factor dinamizador da sociedade á que serve e da xeración de confianza dos cidadáns nas institucións de ensino superior.

TÍTULO PRELIMINAR

Das funcións e autonomía das universidades

Artigo 1. *Funcións da universidade.*

1. A universidade realiza o servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo.

2. Son funcións da universidade ó servizo da sociedade:

a) A creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura.

b) A preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística.

c) A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ó servizo da cultura, da calidade da vida e do desenvolvemento económico.

d) A difusión do coñecemento e a cultura a través da extensión universitaria e a formación ó longo de toda a vida.

Artigo 2. *Autonomía universitaria.*

1. As universidades están dotadas de personalidade xurídica e desenvolven as súas funcións en réxime de autonomía e de coordinación entre todas elas.

As universidades privadas terán personalidade xurídica propia, adoptando algunha das formas admitidas en dereito.

O seu obxecto social exclusivo será a educación superior mediante a realización das funcións ás que se refire o número 2 do artigo 1.

2. Nos termos desta lei, a autonomía das universidades comprende:

a) A elaboración dos seus estatutos e, no caso das universidades privadas, das súas propias normas de organización e funcionamento, así como das demais normas de réxime interno.

b) A elección, designación e remoción dos correspondentes órganos de goberno e representación.

c) A creación de estruturas específicas que actúen como soporte da investigación e da docencia.

d) A elaboración e aprobación de plans de estudio e investigación e de ensinanzas específicas de formación ó longo de toda a vida.

e) A selección, formación e promoción do persoal docente e investigador e de administración e servizos, así como a determinación das condicións en que han de desenvolver-las súas actividades.

f) A admisión, réxime de permanencia e verificación de coñecementos dos estudantes.

g) A expedición dos títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional e dos seus diplomas e títulos propios.

h) A elaboración, aprobación e xestión dos seus orzamentos e a administración dos seus bens.

i) O establecemento e modificación das súas relacións de postos de traballo.

j) O establecemento de relacións con outras entidades para a promoción e desenvolvemento dos seus fins institucionais.

k) Calquera outra competencia necesaria para o adecuado cumprimento das funcións sinaladas no número 2 do artigo 1.

3. A actividade da universidade, así como a súa autonomía, fundaméntanse no principio de liberdade académica, que se manifesta nas liberdades de cátedra, de investigación e de estudo.

4. A autonomía universitaria esixe e fai posible que docentes, investigadores e estudantes cumpran coas súas respectivas responsabilidades, para satisfacción das necesidades educativas, científicas e profesionais da sociedade, así como que as universidades rendan contas do uso dos seus medios e recursos á sociedade.

5. Sen prexuízo das funcións atribuídas ó Consello de Coordinación Universitaria, correspóndenlle a cada comunidade autónoma as tarefas de coordinación das universidades da súa competencia.

TÍTULO I

Da natureza, creación, recoñecemento e réxime xurídico das universidades

Artigo 3. *Natureza.*

1. Son universidades públicas as institucións creadas polos órganos legislativos a que se refire o número 1 do artigo 4 e que realicen tódalas funcións establecidas no número 2 do artigo 1.

2. Son universidades privadas as institucións non comprendidas no número anterior, recoñecidas como tales nos termos desta lei e que realicen tódalas funcións establecidas no número 2 do artigo 1.

Artigo 4. *Creación e recoñecemento.*

1. A creación de universidades públicas e o recoñecemento das universidades privadas levarase a cabo:

a) Por lei da asemblea legislativa da comunidade autónoma no ámbito territorial da cal vaian establecerse.

b) Por lei das Cortes Xerais, por proposta do Goberno, de acordo co Consello de Goberno da comunidade autónoma no ámbito territorial da cal vaian establecerse.

2. Para a creación de universidades públicas será preceptivo o informe previo do Consello de Coordinación Universitaria, no marco da programación xeral do ensino universitario.

3. Para garanti-la calidade da docencia e investigación e, en xeral, do conxunto do sistema universitario, o Goberno, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria, determinará, con carácter xeral, os requisitos básicos para a creación e recoñecemento de universidades. Os mencionados requisitos considerarán os medios e recursos adecuados para o cumprimento polas universidades das funcións a que se refire o número 2 do artigo 1.

As universidades poderán impartir ensinanzas conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional en modalidade presencial e non presencial; neste último caso, de xeito exclusivo ou parcial. No suposto do ensino non presencial, e no marco do establecido no parágrafo anterior, adecuaranse as previsións desta lei ás especificidades desta modalidade de ensino.

4. O comezo das actividades das universidades será autorizado polo órgano competente da comunidade autónoma, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos sinalados no número anterior e do previsto na lei de creación.

As universidades deberán manter en funcionamento os seus centros e ensinanzas durante o prazo mínimo que resulte da aplicación das normas xerais que se dicten en desenvolvemento dos artigos 34 e 35.

5. Para o recoñecemento das universidades privadas, que terá carácter constitutivo, será preceptivo o informe do Consello de Coordinación Universitaria no marco da programación xeral do ensino universitario. O disposto nos números 3 e 4 anteriores será de aplicación analogamente ás universidades privadas.

Artigo 5. *Creación de universidades privadas e centros universitarios privados.*

1. En virtude do establecido no número 6 do artigo 27 da Constitución, as persoas físicas ou xurídicas poderán crear universidades privadas ou centros universitarios privados, dentro do respecto ós principios constitucionais e con sometemento ó disposto nesta lei e nas normas que, no seu desenvolvemento, dicten o Estado e as comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias.

2. Non poderá crealas anteditas universidades ou centros universitarios quen preste servicios nunha administración educativa; teña antecedentes penais por delitos dolosos ou fose sancionado administrativamente con carácter firme por infracción grave en materia educativa ou profesional.

Entenderanse incursas nesta prohibición as persoas xurídicas das que os administradores, representantes ou cargos rectores, vixente a súa representación ou designación, ou os fundadores, promotores ou titulares dun 20 por cento ou máis do seu capital, por si ou por persoa interposta, se atopen nalgunha das circunstancias previstas no parágrafo precedente.

3. A realización de actos e negocios xurídicos que modifiquen a personalidade xurídica ou a estrutura da universidade privada, ou que impliquen a transmisión ou cesión, inter vivos, total ou parcial, a título oneroso ou gratuito, da titularidade directa ou indirecta que as persoas físicas ou xurídicas teñan sobre as universidades privadas ou centros universitarios privados adscritos a universidades públicas, deberá ser previamente comunicada á comunidade autónoma. Esta, no prazo que determine con carácter xeral, poderá denega-la súa conformidade.

A denegación deberá fundarse no incumprimento do previsto nos números anteriores deste artigo ou na insuficiencia de garantías para o cumprimento dos compromisos adquiridos ó solicitarse o recoñecemento da universidade, ou no convenio de adscrición do centro privado a unha universidade pública.

Nos supostos de cambio de titularidade, o novo titular quedará subrogado en tódolos dereitos e obrigas do titular anterior.

A infracción do previsto nos parágrafos anteriores suporá unha modificación das condicións esenciais do recoñecemento ou da aprobación da adscrición. Os mesmos efectos producirá a transmisión, disposición ou gravame dos títulos representativos do capital social das entidades privadas promotoras das universidades privadas ou centros universitarios adscritos a universidades públicas, así como a emisión de obrigas ou títulos similares por estas, realizadas sen a autorización a que se refiren os parágrafos anteriores, cos requisitos alí establecidos.

4. Os centros universitarios privados deberán estar integrados nunha universidade privada, como centros propios dela, ou adscritos a unha pública.

Artigo 6. *Réxime xurídico.*

1. As universidades rexeranse por esta lei e polas normas que dicten o Estado e as comunidades autónomas, no exercicio das súas respectivas competencias.

2. As universidades públicas rexeranse, ademais, pola lei da súa creación e polos seus estatutos, que serán elaborados por aquelas e, logo do seu control de legalidade, aprobados polo Consello de Goberno da comunidade autónoma. De existiren reparos de legalidade, as universidades deberan emendar, de acordo co procedemento previsto nos seus estatutos, e sometelos de novo á aprobación polo Goberno da comunidade autónoma.

En defecto de prazo distinto establecido pola comunidade autónoma, o proxecto de estatutos entenderase aprobado se transcorridos tres meses desde a data da súa presentación ó citado Consello de Goberno non recaese resolución expresa.

Unha vez aprobados, os estatutos entrarán en vigor a partir da súa publicación no boletín oficial da comunidade autónoma. Así mesmo, serán publicados no «Boletín Oficial del Estado».

3. As universidades públicas organizaranse de forma que, nos termos desta lei, nos seus órganos de goberno e de representación quede asegurada a representación dos diferentes sectores da comunidade universitaria.

4. Nas universidades públicas, as resolucións do rector e os acordos do Consello Social, do Consello de Goberno e do Claustro universitario, esgotan a vía administrativa e serán impugnables directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa, de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. As universidades privadas rexeranse polas normas a que se refire o número 1 anterior, pola lei do seu recoñecemento e polas súas propias normas de organización e funcionamento. Estas incluírán as previsións derivadas do disposto no número 2 do artigo 2, e o carácter propio da universidade, se procede. Ás universidades privadas tamén lles serán de aplicación as normas correspondentes á clase de personalidade xurídica adoptada.

As normas de organización e funcionamento das universidades privadas serán elaboradas e aprobadas por elas mesmas, con suxeición, en todo caso, ós principios constitucionais e con garantía efectiva do principio de liberdade académica manifestada nas liberdades de cátedra, de investigación e de estudo. O réxime da súa aprobación será o previsto no número 2 anterior.

As universidades privadas organizaranse de forma que quede asegurada, mediante a participación adecuada da comunidade universitaria, a vixencia efectiva nelas dos principios e liberdades a que fai referencia o parágrafo anterior.

TÍTULO II

Da estrutura das universidades

CAPÍTULO I

Das universidades públicas

Artigo 7. *Centros e estruturas.*

1. As universidades públicas estarán integradas por facultades, escolas técnicas ou politécnicas superiores, escolas universitarias ou escolas universitarias politécnicas, departamentos, institutos universitarios de investigación e por aqueloutras centros ou estruturas que organicen ensinanzas en modalidade non presencial.

2. As universidades poderán crear outros centros ou estruturas, sempre que as actividades de desenvolvemento dos seus fins institucionais non conduzan á obtención de títulos incluídos no Catálogo de títulos universitarios oficiais.

Artigo 8. *Facultades, escolas técnicas ou politécnicas superiores e escolas universitarias ou escolas universitarias politécnicas.*

1. As facultades, escolas técnicas ou politécnicas superiores e escolas universitarias ou escolas universitarias politécnicas, son os centros encargados da orga-

nización das ensinanzas e dos procesos académicos, administrativos e de xestión conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como daqueloutras funcións que determinen os estatutos.

2. A creación, modificación e supresión dos centros a que se refire o número 1 deste artigo, así como a implantación e supresión de ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, serán acordadas pola comunidade autónoma, ben por proposta do Consello Social ou ben por propia iniciativa co acordo do referido Consello, en todo caso, logo de informe do Consello de Goberno da universidade.

Do sinalado no parágrafo anterior será informado o Consello de Coordinación Universitaria.

Artigo 9. *Departamentos.*

1. Os departamentos son os órganos encargados de coordina-las ensinanzas dunha ou varias áreas de coñecemento nun ou varios centros, de acordo coa programación docente da universidade, de apoia-las actividades e iniciativas docentes e investigadoras do profesorado, e de exercer aqueloutras funcións que sexan determinadas polos estatutos.

2. A creación, modificación e supresión de departamentos correspóndelle á universidade conforme os seus estatutos e de acordo coas normas básicas que aprobe o Goberno logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria.

Artigo 10. *Institutos universitarios de investigación.*

1. Os institutos universitarios de investigación son centros dedicados á investigación científica e técnica ou á creación artística. Poderán organizar e desenvolver programas e estudos de doutoramento e de postgrao segundo os procedementos previstos nos estatutos, e proporcionar asesoramento técnico no ámbito das súas competencias.

Os institutos universitarios de investigación rexeranse por esta lei, polos estatutos, polo convenio de creación ou de adscrición, se é o caso, e polas súas propias normas.

2. Os institutos universitarios de investigación poderán ser constituídos por unha ou máis universidades, ou conxuntamente con outras entidades públicas ou privadas mediante convenios ou outras formas de cooperación, de conformidade cos estatutos.

3. Para a creación e supresión dos institutos universitarios de investigación haberá que averse ó disposto no número 2 do artigo 8.

4. Mediante convenio, poderán adscribirse a universidades públicas, como institutos universitarios de investigación, institucións ou centros de investigación de carácter público ou privado. A aprobación da adscrición ou, se é o caso, desadscrición será feita pola comunidade autónoma, ben por proposta do Consello Social ou ben por propia iniciativa co acordo do referido Consello e, en todo caso, logo de informe do Consello de Goberno da universidade.

Do sinalado no parágrafo anterior será informado o Consello de Coordinación Universitaria.

Artigo 11. *Centros de ensino universitario adscritos a universidades públicas.*

1. A adscrición mediante convenio a unha universidade pública de centros docentes de titularidade pública ou privada para impartir estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo

o territorio nacional, requirirá a aprobación da comunidade autónoma, por proposta do Consello Social, logo de informe do Consello de Goberno da universidade. O centro adscrito deberá estar establecido no ámbito territorial da correspondente comunidade autónoma.

Do sinalado no parágrafo anterior será informado o Consello de Coordinación Universitaria.

2. Os centros adscritos a unha universidade pública rexeranse polo disposto nesta lei, polas normas dictadas polo Estado e as comunidades autónomas no exercicio das súas competencias, polo convenio de adscrición e polas súas propias normas de organización e funcionamento.

3. O comezo das actividades dos centros adscritos será autorizado pola comunidade autónoma.

CAPÍTULO II

Das universidades privadas

Artigo 12. *Estructura e centros.*

1. A estrutura das universidades privadas axustase ó establecido no capítulo I deste título, entendendo referidas ás normas de organización e funcionamento das universidades privadas as mencións que neles se efectúan ós estatutos das universidades públicas.

2. O recoñecemento da creación, modificación e supresión nas universidades privadas dos centros a que se refire o número 1 do artigo 8, así como da implantación e supresión nelas de ensinanza conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, efectuarase por proposta da universidade, nos termos previstos no capítulo I deste título.

TÍTULO III

Do goberno e representación das universidades

CAPÍTULO I

Das universidades públicas

Artigo 13. *Órganos de goberno e representación das universidades públicas.*

Os estatutos das universidades públicas establecerán, como mínimo, os seguintes órganos:

a) Colexiados: Consello Social, Consello de Goberno, Claustro Universitario, Xunta Consultiva, xuntas de facultade, de escola técnica ou politécnica superior e de escola universitaria ou escola universitaria politécnica, e consellos de departamento.

b) Unipersoais: rector, vicerrectores, secretario xeral, xerente, decanos de facultades, directores de escolas técnicas ou politécnicas superiores, de escolas universitarias ou escolas universitarias politécnicas, de departamentos e de institutos universitarios de investigación.

A elección dos representantes dos distintos sectores da comunidade universitaria no Claustro universitario, nas xuntas de facultade ou escola, e nos consellos de departamento, realizarase mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto. Os estatutos establecerán as normas electorais aplicables.

Artigo 14. *Consello Social.*

1. O Consello Social é o órgano de participación da sociedade na universidade.

2. Correspóndelle ó Consello Social a supervisión das actividades de carácter económico da universidade e do rendemento dos seus servizos; promove-la colaboración da sociedade no financiamento da universidade, e as relacións entre esta e o seu contorno cultural, profesional, económico e social ó servizo da calidade da actividade universitaria, fin para o cal poderá dispor da oportuna información da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación.

Así mesmo, correspóndelle a aprobación do orzamento e da programación plurianual da universidade, por proposta do Consello de Goberno. Ademais, con carácter previo ó trámite de rendición de contas a que se refiren os artigos 81 e 84, correspóndelle aproba-las contas anuais da universidade e as das entidades que dela poidan depender e sen prexuízo da lexislación mercantil ou outra ás que as ditas entidades poidan estar sometidas en función da súa personalidade xurídica.

3. A lei da comunidade autónoma regulará a composición e funcións do Consello Social e a designación dos seus membros de entre personalidades da vida cultural, profesional, económica, laboral e social, que non poderán ser membros da propia comunidade universitaria. Serán, non obstante, membros do Consello Social, o rector, o secretario xeral e o xerente, así como un profesor, un estudante e un representante do persoal de administración e servizos, elixidos polo Consello de Goberno de entre os seus membros. O presidente do Consello Social será nomeado pola comunidade autónoma.

4. O Consello Social, para o adecuado cumprimento das súas funcións, disporá dunha organización de apoio e de recursos suficientes.

Artigo 15. *Consello de Goberno.*

1. O Consello de Goberno é o órgano de goberno da universidade. Establece as liñas estratéxicas e programáticas da universidade, así como as directrices e procedementos para a súa aplicación, nos ámbitos de organización das ensinanza, investigación, recursos humanos e económicos e elaboración dos orzamentos, e exerce as funcións previstas nesta lei e as que establezan os estatutos.

2. O Consello de Goberno estará constituído polo rector, que o presidirá, o secretario xeral e o xerente, e un máximo de cincuenta membros da propia comunidade universitaria. Destes, o 30 por cento será designado polo rector; o 40 por cento elixido polo Claustro, de entre os seus membros, reflectindo a composición dos distintos sectores deste, e o 30 por cento restante elixido ou designado de entre decanos de facultade, directores de escola e directores de departamento e institutos universitarios de investigación, segundo establezan os estatutos. Ademais, serán membros do Consello de Goberno tres membros do Consello Social non pertencentes á propia comunidade universitaria.

Artigo 16. *Claustro universitario.*

1. O Claustro universitario é o máximo órgano de representación da comunidade universitaria. Estará formado polo rector, que o presidirá, o secretario xeral e o xerente, e un máximo de trescentos membros. Correspóndelle a elaboración dos estatutos e as demais funcións que lle atribúe esta lei.

2. O Claustro, con carácter extraordinario, poderá convocar eleccións a rector por iniciativa dun tercio dos seus membros e coa aprobación de dous tercios. A aprobación da iniciativa levará consigo a disolución do Claustro e o cesamento do rector, que continuará en funcións ata a toma de posesión do novo rector. O procedemento será establecido polos estatutos.

De a iniciativa non ser aprobada, ningún dos seus signatarios poderá participar na presentación doutra iniciativa deste carácter ata pasado un ano desde a súa votación.

3. Os estatutos regularán a composición e duración do mandato do Claustro, no que estarán representados os distintos sectores da comunidade universitaria. Cando menos, o cincuenta e un por cento dos seus membros serán funcionarios doutores dos corpos docentes universitarios.

4. As eleccións de representantes do Claustro no Consello de Goberno levaranse a cabo por e entre os propios membros de cada un dos sectores elixibles.

Artigo 17. *Xunta Consultiva.*

1. A Xunta Consultiva é o órgano ordinario de asesoramento do rector e do Consello de Goberno en materia académica, e está facultada para formularlles propostas a estes.

2. A Xunta Consultiva, presidida polo rector, estará constituída polo secretario xeral e un máximo de corenta membros designados polo Consello de Goberno entre profesores e investigadores de recoñecido prestixio, con méritos docentes e investigadores acreditados polas correspondentes avaliacións positivas conforme a normativa vixente. Os estatutos regularán o seu funcionamento.

Artigo 18. *Xunta de facultade ou escola.*

A xunta de facultade ou escola, presidida polo decano ou director, é o órgano de goberno desta. A composición e o procedemento de elección dos seus membros serán determinados polos estatutos. Cando menos, o cincuenta e un por cento dos seus membros serán funcionarios dos corpos docentes universitarios.

Artigo 19. *Consello de departamento.*

O consello de departamento, presidido polo seu director, é o órgano de goberno deste. Estará integrado polos doutores membros do departamento, así como por unha representación do resto de persoal docente e investigador non doutor na forma que determinen os estatutos. En todo caso, os estatutos garantirán a presenza dunha representación dos estudantes e do persoal de administración e servizos.

Artigo 20. *Rector.*

1. O rector é a máxima autoridade académica da universidade e ten a representación desta. Exerce a dirección, goberno e xestión da universidade, desenvolve as liñas de actuación aprobadas polos órganos colexiados correspondentes e executa os seus acordos. Correspóndelle tantas competencias non sexan expresamente atribuídas a outros órganos.

2. O rector será elixido pola comunidade universitaria, mediante elección directa e sufraxio universal libre e secreto, entre funcionarios do corpo de catedráticos de universidade, en activo, que presten servizos nesta. Será nomeado polo órgano correspondente da comunidade autónoma.

Os estatutos regularán o procedemento para a súa elección, a duración do seu mandato e os supostos da súa substitución en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

3. O voto para a elección do rector será ponderado, por sectores da comunidade universitaria: profesores doutores pertencentes ós corpos docentes universitarios, resto do persoal docente e investigador, estudantes, e

persoal de administración e servizos. En todo caso, o voto conxunto dos profesores doutores pertencentes ós corpos docentes universitarios terá o valor de, polo menos, o cincuenta e un por cento do total do voto a candidaturas validamente emitido pola comunidade universitaria.

En cada proceso electoral, a comisión electoral ou o órgano que estatutariamente se estableza, determinará, tralo escrutinio dos votos, os coeficientes de ponderación que corresponderá aplicar ó voto a candidaturas validamente emitido en cada sector, para o efecto de lle da-lo seu correspondente valor en atención ás porcentaxes que se fixasen neses mesmos estatutos, respectando sempre o mínimo establecido no parágrafo anterior.

Será proclamado rector, en primeira volta, o candidato que logre o apoio proporcional de máis da metade dos votos a candidaturas validamente emitidos, unha vez feitas e aplicadas as ponderacións consideradas neste punto e concretadas polos estatutos. Se ningún candidato o alcanza, procederase a unha segunda votación á que só poderán concorrer os dous candidatos máis apoiados na primeira votación, tendo en conta as citadas ponderacións. Na segunda volta será proclamado o candidato que obteña a maioría simple de votos, atendendo a esas mesmas ponderacións.

No suposto dunha soa candidatura unicamente se celebrará a primeira volta.

4. O rector, para o desenvolvemento das competencias que lle atribúe o número 1 deste artigo, será asistido por un Consello de Dirección no que estarán presentes os vicerrectores, o secretario xeral e o xerente.

Artigo 21. *Vicerrectores.*

O rector poderá nomear vicerrectores entre os profesores doutores que presten servizos na universidade.

Artigo 22. *Secretario xeral.*

O secretario xeral, que será nomeado polo rector entre funcionarios públicos do grupo A que presten servizos na universidade, serao tamén do Consello de Goberno e da Xunta Consultiva.

Artigo 23. *Xerente.*

Ó xerente correspóndelle a xestión dos servizos administrativos e económicos da universidade. Será proposto polo rector e nomeado por este de acordo co Consello Social. O xerente non poderá exercer funcións docentes.

Artigo 24. *Decanos de facultade e directores de escola.*

Os decanos de facultade e directores de escola ostentan a representación dos seus centros e exercen as funcións de dirección e xestión ordinaria destes. Serán elixidos, nos termos establecidos polos estatutos, entre profesores doutores pertencentes ós corpos docentes universitarios adscritos ó respectivo centro.

No seu defecto, nas escolas universitarias e nas escolas universitarias politécnicas, o director será elixido entre funcionarios de corpos docentes universitarios non doutores ou profesores contratados doutores.

Artigo 25. *Directores de departamento.*

Os directores de departamento ostentan a representación deste e exercen as funcións de dirección e xestión ordinaria do departamento. Serán elixidos polo consello de departamento nos termos establecidos polos esta-

tutos, entre profesores doutores pertencentes ós corpos docentes universitarios membros deste.

No seu defecto, nos departamentos constituídos sobre as áreas de coñecemento a que se refire o número 3 dos artigos 58 e 59, poderán ser directores funcionarios dos corpos docentes universitarios non doutores ou profesores contratados doutores.

Artigo 26. Directores de institutos universitarios de investigación.

Os directores de institutos universitarios de investigación ostentan a representación destes e exercen as funcións de dirección e xestión ordinaria dos institutos. Serán designados entre doutores, na forma que establezan os estatutos.

Nos institutos universitarios de investigación adscritos a universidades públicas haberá que a terse ó disposto no convenio de adscrición.

CAPÍTULO II

Das universidades privadas

Artigo 27. Órganos de goberno e representación das universidades privadas.

1. As normas de organización e funcionamento das universidades privadas establecerán os seus órganos de goberno e representación, así como os procedementos para a súa designación e remoción.

2. Os órganos unipersonais de goberno das universidades privadas terán idéntica denominación á establecida para os das universidades públicas e os seus titulares deberán estar en posesión do título de doutor cando así se esixa para os mesmos órganos daquelas.

TÍTULO IV

Do Consello de Coordinación Universitaria

Artigo 28. Natureza e funcións.

O Consello de Coordinación Universitaria é o máximo órgano consultivo e de coordinación do sistema universitario. Correspóndenlle as funcións de consulta sobre política universitaria, e as de coordinación, programación, informe, asesoramento e proposta nas materias relativas ó sistema universitario, así como as que determinen a lei e as súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 29. Composición.

O Consello de Coordinación Universitaria, a presidencia do cal a exercerá o ministro de Educación, Cultura e Deporte, estará composto polos seguintes vocais:

- a) Os responsables do ensino universitario nos consellos de goberno das comunidades autónomas.
- b) Os rectores das universidades.
- c) Vinteun membros, nomeados por un período de catro anos, entre personalidades da vida académica, científica, cultural, profesional, económica e social, e designados sete polo Congreso dos Deputados, sete polo Senado e sete polo Goberno. Entre os vocais de designación do Goberno poderán figurar tamén membros da Administración xeral do Estado.

Artigo 30. Organización.

1. O Consello de Coordinación Universitaria funcionará en pleno e en comisións.

2. O pleno, presidido polo presidente do Consello de Coordinación Universitaria ou membro deste en quen delegue, terá as seguintes funcións: elabora-lo regulamento do Consello e elevalo ó ministro de Educación, Cultura e Deporte para a súa aprobación polo Goberno; propoñer, se é o caso, as modificacións ó denvandito regulamento; elabora-la memoria anual do Consello, e aquelas outras que se determinen no seu regulamento.

3. As comisións, presididas polo presidente do Consello de Coordinación Universitaria ou persoa en quen delegue, serán:

a) A Comisión de Coordinación, que estará composta polos vocais mencionados na letra a) do artigo anterior e por aqueles outros vocais mencionados na letra c) deste artigo que o presidente designe. A esta comisión, que lle dará conta periodicamente ó pleno dos seus acordos e decisións, correspóndenlle as funcións que se determinen no citado regulamento e, en todo caso, as que esta lei atribúe ó Consello de Coordinación Universitaria en relación coas competencias reservadas ó Estado e ás comunidades autónomas.

b) A Comisión Académica, que estará composta polos vocais mencionados na letra b) do artigo anterior e por aqueles outros vocais mencionados na letra c) que o presidente designe. A esta comisión, que lle dará conta periodicamente ó pleno dos seus acordos e decisións, correspóndenlle as funcións que se determinen no citado regulamento e, en todo caso, as que esta lei lle atribúe ó Consello de Coordinación Universitaria en relación coas facultades das universidades en uso da súa autonomía.

c) A Comisión Mixta, que estará composta por membros dos tres grupos a que se refire o artigo anterior en igual proporción, elixidos por eles, e no número que determine o regulamento do Consello de Coordinación Universitaria. A esta comisión correspóndelle a función de elevar ás outras dúas comisións proposta de resolución ou informe sobre aquelas materias nas que deban pronunciarse estas últimas. En caso de desacordo entre elas o pronunciamento do Consello de Coordinación Universitaria será o da Comisión Mixta.

4. O regulamento do Consello de Coordinación Universitaria determinará, de acordo co establecido nos números anteriores, o número, composición, forma de designación dos membros e funcións das subcomisións que teñan que constituírse.

5. Tanto as comisións como as subcomisións poderán contar, para o desenvolvemento do seu traballo, coa colaboración de expertos nas materias que lles son propias. A vinculación destes expertos co Consello de Coordinación Universitaria poderá ter un carácter permanente ou temporal. O regulamento regulará as relacións deses expertos co Consello de Coordinación Universitaria.

6. Nos asuntos que afecten en exclusiva o sistema universitario público, no Consello de Coordinación Universitaria e os seus órganos, non terán dereito a voto os rectores das universidades privadas e da Igrexa Católica.

7. A Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria, baixo a dirección dun secretario xeral, nomeado polo Goberno, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, exercerá as funcións que lle atribúa o regulamento.

TÍTULO V

Da avaliación e acreditación

Artigo 31. Garantía da calidade.

1. A promoción e a garantía da calidade das universidades españolas, no ámbito nacional e internacio-

nal, é un fin esencial da política universitaria e ten como obxectivos:

- a) A medición do rendemento do servizo público da educación superior universitaria e a rendición de contas á sociedade.
- b) A transparencia, a comparación, a cooperación e a competitividade das universidades no ámbito nacional e internacional.
- c) A mellora da actividade docente e investigadora e da xestión das universidades.
- d) A información ás administracións públicas para a toma de decisións no ámbito das súas competencias.
- e) A información á sociedade para fomenta-la excelencia e mobilidade de estudantes e profesores.

2. Os obxectivos sinalados no número anterior cumpriranse mediante a avaliación, certificación e acreditación de:

- a) As ensinanzas conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, para os efectos da súa homologación polo Goberno nos termos previstos no artigo 35, así como dos títulos de doutor de acordo co previsto no artigo 38.
- b) As ensinanzas conducentes á obtención de diplomas e títulos propios das universidades e centros de educación superior.
- c) As actividades docentes, investigadoras e de xestión do profesorado universitario.
- d) As actividades, programas, servizos e xestión dos centros e institucións de educación superior.
- e) Outras actividades e programas que poidan realizarse como consecuencia do fomento da calidade da docencia e da investigación por parte das administracións públicas.

3. As funcións de avaliación, e as conducentes á certificación e acreditación a que se refire o número anterior, correspóndenlle á Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación e ós órganos de avaliación que a lei das comunidades autónomas determine, no ámbito das súas respectivas competencias, sen prexuízo das que desenvolvan outras axencias de avaliación do Estado ou das comunidades autónomas.

Artigo 32. *Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación.*

Mediante acordo de Consello de Ministros, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria, o Goberno autorizará a constitución da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación.

TÍTULO VI

Das ensinanzas e títulos

Artigo 33. *Da función docente.*

1. As ensinanzas para o exercicio de profesións que requiren coñecementos científicos, técnicos ou artísticos, e a transmisión da cultura son misións esenciais da universidade.

2. A docencia é un dereito e un deber dos profesores das universidades que exercerán con liberdade de cátedra, sen máis límites cós establecidos na Constitución e nas leis e os derivados da organización das ensinanzas nas súas universidades.

3. A actividade e a dedicación docente, así como a formación do persoal docente das universidades, serán criterios relevantes, atendida a súa oportuna avaliación, para determina-la súa eficiencia no desenvolvemento da súa actividade profesional.

Artigo 34. *Establecemento de títulos universitarios e das directrices xerais dos seus plans de estudos.*

1. Os títulos universitarios que teñan carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como as directrices xerais dos plans de estudos que deban cursarse para a súa obtención e homologación, serán establecidos polo Goberno, ben pola súa propia iniciativa, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria, ou por proposta deste Consello.

2. Os títulos a que fai referencia o número anterior, que se integrarán no Catálogo de títulos universitarios oficiais que aprobo o Goberno, serán expedidos en nome do rei polo rector da universidade na que se obtivesen.

3. As universidades poderán establecer ensinanzas conducentes á obtención de diplomas e títulos propios, así como ensinanzas de formación ó longo de toda a vida. Estes diplomas e títulos carecerán dos efectos que as disposicións legais outorguen ós mencionados no número 1.

Artigo 35. *Homologación de plans de estudos e de títulos.*

1. Con suxeición ás directrices xerais establecidas, as universidades elaborarán e aprobarán os plans de estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, correspondentes a ensinanzas que fosen implantadas polas comunidades autónomas.

2. Con carácter previo á súa remisión ó Consello de Coordinación Universitaria, as universidades deberán pór-las plans de estudos en coñecemento da comunidade autónoma correspondente, para os efectos da obtención do informe favorable relativo á valoración económica do plan de estudos e á súa adecuación ós requisitos a que se refire o número 3 do artigo 4.

3. As universidades, obtido o informe da comunidade autónoma, remitiranlle os plans de estudos ó Consello de Coordinación Universitaria para efectos de verificación do seu axuste ás directrices xerais a que se refire o número 1 e da consecuente homologación destes polo antedito Consello. Transcorridos seis meses desde a recepción polo Consello de Coordinación Universitaria dos mencionados plans de estudos, e non se producindo resolución ó respecto, entenderanse homologados.

4. O Goberno, acreditada a homologación do plan de estudos e o cumprimento dos requisitos a que se refire o número 2, homologará os correspondentes títulos, para os efectos de que a comunidade autónoma poida autoriza-la impartición das ensinanzas e a universidade proceder, no seu momento, á expedición dos títulos. Para homologa-los títulos cando as ensinanzas sexan impartidas por centros universitarios privados será necesario que estes estean integrados como centros propios nunha universidade privada ou adscritos a unha universidade pública.

5. Para os efectos deste artigo, transcorrido o período de implantación dun plan de estudos, as universidades deberán someter a avaliación da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación o desenvolvemento efectivo das ensinanzas. A axencia daralle conta da dita avaliación ó Consello de Coordinación Universitaria e á correspondente comunidade autónoma, así como ó Goberno, que, se é o caso, adoptará as medidas que procedan de acordo coas previsións do número seguinte.

6. O Goberno establecerá o procedemento e os criterios para a suspensión ou revogación da homologación do título que, se é o caso, poida proceder polo incumprimento dos requisitos ou das directrices xerais ás que se fixo mención nos números 1 e 2, así como as consecuencias da suspensión ou revogación.

Artigo 36. Validación ou adaptación de estudos, equivalencia de títulos e homologación de títulos estranxeiros.

1. O Consello de Coordinación Universitaria regulará os criterios xerais a que terán de axustarse as universidades en materia de validación e adaptación de estudos cursados en centros académicos españois ou estranxeiros, para efectos de continuación dos citados estudos.

2. O Goberno, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria, regulará:

a) As condicións para a declaración de equivalencia de títulos españois de ensino superior universitario ou non universitario a aqueles a que se refire o artigo 34.

b) As condicións de homologación de títulos estranxeiros de educación superior.

Artigo 37. Estructura das ensinanzas.

Os estudos universitarios estruturaránse, como máximo, en tres ciclos. A superación dos estudos dará dereito, nos termos que estableza o Goberno, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria, e segundo a modalidade de ensinanza cíclica de que se trate, á obtención dos títulos de diplomado universitario, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto, enxeñeiro e doutor, e os que substitúan a estes de acordo co disposto no número 2 do artigo 88.

Artigo 38. Doutoramento.

Os estudos de doutoramento, conducentes á obtención do correspondente título de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, que teñen como finalidade a especialización do estudante na súa formación investigadora dentro dun ámbito do coñecemento científico, técnico, humanístico ou artístico, organizaránse e realízanse na forma que determinen os estatutos, de acordo cos criterios que para a obtención do título de doutor aprobo o Goberno, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria. En todo caso, estes criterios incluírán o seguimento e superación de materias de estudio e a elaboración, presentación e aprobación dun traballo orixinal de investigación.

TÍTULO VII

Da investigación na universidade

Artigo 39. A investigación, función da universidade.

1. A investigación, fundamento da docencia, medio para o progreso da comunidade e soporte da transferencia social do coñecemento, constitúe unha función esencial das universidades.

2. Recoñécese e garántese a liberdade de investigación no ámbito universitario.

3. A universidade asume, como un dos seus obxectivos esenciais, o desenvolvemento da investigación científica, técnica e artística, así como a formación de investigadores, e atenderá tanto á investigación básica como á aplicada.

Artigo 40. A investigación, dereito e deber do profesorado universitario.

1. A investigación é un dereito e un deber do persoal docente e investigador das universidades, de acordo cos fins xerais da universidade, e dentro dos límites establecidos polo ordenamento xurídico.

2. A investigación, sen prexuízo da libre creación e organización polas universidades das estruturas que, para o seu desenvolvemento, aquelas determinen e da libre investigación individual levarase a cabo, principalmente, en grupos de investigación, departamentos e institutos universitarios de investigación.

3. A actividade e dedicación investigadora e a contribución ó desenvolvemento científico, tecnolóxico ou artístico do persoal docente e investigador das universidades será criterio relevante, atendida a súa oportuna avaliación, para determina-la súa eficiencia no desenvolvemento da súa actividade profesional.

4. As universidades fomentarán a mobilidade do seu persoal docente e investigador, co fin de mellora-la súa formación e actividade investigadora, a través da concesión dos oportunos permisos e licencias, no marco da lexislación estatal e autonómica aplicable e de acordo coas previsións estatutarias consignadas para o efecto.

Artigo 41. Fomento da investigación, do desenvolvemento científico e da innovación tecnolóxica na universidade.

1. A universidade desenvolverá unha investigación de excelencia cos obxectivos de contribuír ó avance do coñecemento, á innovación e á mellora da calidade de vida dos cidadáns e á competitividade das empresas.

2. O fomento da investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico corresponderalle no ámbito universitario á Administración xeral do Estado e ás comunidades autónomas, de acordo coa lexislación aplicable, sen prexuízo do desenvolvemento de programas propios das universidades e coa finalidade, entre outros obxectivos, de asegurar:

a) O fomento da calidade e competitividade internacional da investigación desenvolvida polas universidades españolas.

b) O desenvolvemento da investigación inter e multidisciplinar.

c) A incorporación de científicos e grupos de científicos de especial relevancia dentro das iniciativas de investigación polas universidades.

d) A mobilidade de investigadores e grupos de investigación para a formación de equipos e centros de excelencia.

e) A incorporación ás universidades de persoal técnico de apoio á investigación, atendendo ás características dos distintos campos científicos.

f) A coordinación da investigación entre diversas universidades e centros de investigación, así como a creación de centros ou estruturas mixtas entre as universidades e outros organismos públicos e privados de investigación, e, se é o caso, empresas.

g) A vinculación entre a investigación universitaria e o sistema productivo, como vía para articula-la transferencia dos coñecementos xerados e a presenza da universidade no proceso de innovación do sistema productivo e das empresas. Tal vinculación poderá, se é o caso, levarse a cabo a través da creación de empresas de base tecnolóxica a partir da actividade universitaria, e nas súas actividades poderá participa-lo persoal docente e investigador das universidades conforme o réxime previsto no artigo 83.

h) A xeración de sistemas innovadores na organización e xestión polas universidades do fomento da súa actividade investigadora, da canalización das iniciativas investigadoras do seu profesorado, da transferencia dos resultados da investigación e da captación de recursos para o desenvolvemento desta.

TÍTULO VIII

Dos estudantes

Artigo 42. *Acceso á universidade.*

1. O estudo na universidade é un dereito de tódolos españois nos termos establecidos no ordenamento xurídico.

2. Para o acceso á universidade será necesario estar en posesión do título de bacharel ou equivalente.

3. As universidades, de acordo coa normativa básica que estableza o Goberno logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria e tendo en conta a programación da oferta de prazas dispoñibles, establecerán os procedementos para a admisión dos estudantes que soliciten ingresar en centros delas, sempre con respecto ós principios de igualdade, mérito e capacidade.

O Consello de Coordinación Universitaria velará para que as universidades programen os seus procedementos de admisión de xeito que os estudantes poidan concorrer a universidades diferentes.

Artigo 43. *Oferta de prazas nas universidades públicas.*

1. As comunidades autónomas efectuarán a programación da oferta de ensinanzas das universidades públicas da súa competencia e os seus distintos centros, de acordo con elas e conforme os procedementos que establezan.

A oferta de prazas comunicaráse ó Consello de Coordinación Universitaria para o seu estudo e determinación da oferta xeral de ensinanzas e prazas, que será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

2. Os poderes públicos desenvolverán, no marco da programación xeral do ensino universitario, unha política de investimentos tendente a adecuar a capacidade dos centros á demanda social, tendo en conta o gasto público dispoñible, a previsión das necesidades da sociedade e a compensación dos desequilibrios territoriais.

Artigo 44. *Límites máximos de admisión de estudantes.*

O Goberno, por motivos de interese xeral ou para poder cumprir esixencias derivadas de directivas comunitarias ou de convenios internacionais, de acordo coas comunidades autónomas e logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria, poderá establecer límites máximos de admisión de estudantes nos estudos de que se trate. Estes límites afectarán o conxunto das universidades públicas e privadas.

Artigo 45. *Bolsas e axudas ó estudio.*

1. Para garanti-las condicións de igualdade no exercicio do dereito á educación e para que tódolos estudantes, con independencia do seu lugar de residencia, gocen das mesmas oportunidades de acceso ós estudos superiores, o Estado, con cargo ós seus orzamento xerais, establecerá un sistema xeral de bolsas e axudas ó estudio destinado a remove-los obstáculos de orde socioeconómica que, en calquera parte do territorio, lles impidan ou dificulten o acceso ou a continuidade dos estudos superiores a aqueles estudantes que estean en condicións de os cursaren con aproveitamento.

Para estes efectos, o Goberno determinará regulamentariamente e con carácter básico as modalidades e contías das bolsas e axudas ó estudio, as condicións académicas e económicas que teñan que reuni-los candidatos, así como os supostos de incompatibilidade, revogación e reintegro e cantos requisitos sexan precisos para asegura-la igualdade no acceso ás citadas bolsas

e axudas, sen detrimento das competencias normativas e de execución das comunidades autónomas.

Para os efectos previstos nos parágrafos anteriores terase en conta a singularidade dos territorios insulares e a distancia ó territorio peninsular para favorecer-la mobilidade e as condicións de igualdade no exercicio da educación dos estudantes dos ditos territorios.

2. O desenvolvemento, execución e control do sistema xeral de bolsas e axudas ó estudio correspóndelle ás comunidades autónomas nos seus respectivos ámbitos de competencia e en colaboración coas universidades.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, para asegurar que os resultados da aplicación do sistema xeral de bolsas e axudas ó estudio se producen sen menoscabo da garantía de igualdade na obtención destas en todo o territorio nacional, estableceranse os oportunos mecanismos de coordinación entre o Estado e as comunidades autónomas.

3. Sobre a base dos principios de equidade e solidariedade, as administracións públicas e as universidades cooperarán para articular sistemas eficaces de información, verificación e control das bolsas e axudas financiadas con fondos públicos e para o mellor logro dos obxectivos sinalados nos números anteriores.

4. Co obxecto de que ninguén quede excluído do estudo na universidade por razóns económicas, o Estado e as comunidades autónomas, así como as propias universidades, instrumentarán unha política de bolsas, axudas e créditos ós estudantes e, no caso das universidades públicas, establecerán, así mesmo, modalidades de exención parcial ou total do pagamento dos prezos públicos por prestación de servicios académicos.

Artigo 46. *Dereitos e deberes dos estudantes.*

1. O estudo é un dereito e un deber dos estudantes universitarios.

2. Os estatutos e normas de organización e funcionamento desenvolverán os dereitos e os deberes dos estudantes, así como os mecanismos para a súa garantía.

Nos termos establecidos polo ordenamento xurídico, os estudantes terán dereito:

a) Ó estudio na universidade da súa elección, nos termos establecidos polo ordenamento xurídico.

b) Á igualdade de oportunidades e non discriminación, por circunstancias persoais ou sociais, incluída a discapacidade, no acceso á universidade, ingreso nos centros, permanencia na universidade e exercicio dos seus dereitos académicos.

c) Á orientación e información pola universidade sobre as actividades desta que lles afecten.

d) Á publicidade das normas das universidades que deben regula-la verificación dos coñecementos dos estudantes.

e) Ó asesoramento e asistencia por parte de profesores e titores no modo en que se determine.

f) Á súa representación nos órganos de goberno e representación da universidade, nos termos establecidos nesta lei e nos respectivos estatutos ou normas de organización e funcionamento.

g) Á liberdade de expresión, de reunión e de asociación no ámbito universitario.

h) Á garantía dos seus dereitos, mediante procedementos adecuados e, se é o caso, a actuación do defensor universitario.

3. As universidades establecerán os procedementos de verificación dos coñecementos dos estudantes. Nas universidades públicas, o Consello Social, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria, aprobará as normas que regulen o progreso e a permanencia na

universidade dos estudantes, de acordo coas características dos respectivos estudos.

4. Os estudantes gozarán da protección da Seguridade Social nos termos e condicións que estableza a lexislación vixente.

TÍTULO IX

Do profesorado

CAPÍTULO I

Das universidades públicas

Artigo 47. *Persoal docente e investigador.*

O persoal docente e investigador das universidades públicas estará composto de funcionarios dos corpos docentes universitarios e de persoal contratado.

SECCIÓN 1.^a DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR CONTRATADO

Artigo 48. *Normas xerais.*

1. Nos termos desta lei e no marco das súas competencias, as comunidades autónomas establecerán o réxime do persoal docente e investigador contratado das universidades. Estas poderán contratar, en réxime laboral, persoal docente e investigador entre as figuras seguintes: axudante, profesor axudante doutor, profesor colaborador, profesor contratado doutor, profesor asociado e profesor visitante.

O número total do persoal docente e investigador contratado non poderá supera-lo corenta e nove por cento do total do persoal docente e investigador da universidade.

2. A contratación de persoal docente e investigador farase mediante concursos públicos, ós que se lles dará a necesaria publicidade e a convocatoria dos cales lle será comunicada con suficiente antelación ó Consello de Coordinación Universitaria para a súa difusión en tódalas universidades. A selección efectuarase con respecto ós principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Considerarase mérito preferente estar habilitado para participar nos concursos de acceso a que se refire o artigo 63.

3. As universidades poderán contratar para obra ou servizo determinado a persoal docente, persoal investigador, persoal técnico ou outro persoal, para o desenvolvemento de proxectos concretos de investigación científica ou técnica.

Artigo 49. *Axudantes.*

Os axudantes serán contratados entre os que superasen tódalas materias de estudo que se determinen nos criterios a que fai referencia o artigo 38 e coa finalidade principal de completa-la súa formación investigadora. A contratación será con dedicación a tempo completo, por unha duración non superior a catro anos improrrogables. Os axudantes tamén poderán colaborar en tarefas docentes nos termos que establezan os estatutos.

Artigo 50. *Profesores axudantes doutores.*

Os profesores axudantes doutores serán contratados entre doutores que, durante alomenos dous anos, non tivesen relación contractual, estatutaria ou como bolseiro na universidade de que se trate, e acrediten teren rea-

lizado durante ese período tarefas docentes e/ou investigadoras en centros non vinculados a ela. Desenvolverán tarefas docentes e de investigación, con dedicación a tempo completo, por un máximo de catro anos improrrogables.

A contratación esixirá a previa avaliación positiva da súa actividade por parte da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación ou do órgano de avaliación externa que a lei da comunidade autónoma determine.

Artigo 51. *Profesores colaboradores.*

Os profesores colaboradores serán contratados polas universidades para impartiren ensinanzas só naquelas áreas de coñecemento que estableza o Goberno, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria, entre licenciados, arquitectos e enxeñeiros ou diplomados universitarios, arquitectos técnicos e enxeñeiros técnicos. En todo caso, deberán contar con informe favorable da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación ou do órgano de avaliación externa que a lei da comunidade autónoma determine.

Artigo 52. *Profesores contratados doutores.*

Os profesores contratados doutores serano para o desenvolvemento de tarefas de docencia e de investigación, ou prioritariamente de investigación, entre doutores que acrediten alomenos tres anos de actividade docente e investigadora, ou prioritariamente investigadora, posdoutoral, e que reciban a avaliación positiva da dita actividade por parte da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación ou do órgano de avaliación externo que a lei da comunidade autónoma determine.

Artigo 53. *Profesores asociados.*

Os profesores asociados serán contratados, con carácter temporal e con dedicación a tempo parcial, entre especialistas de recoñecida competencia que acrediten exerceren a súa actividade profesional fóra da universidade.

Artigo 54. *Profesores eméritos e visitantes.*

1. As universidades públicas poderán contratar con carácter temporal, en réxime laboral e de acordo co establecido nos estatutos, profesores eméritos entre funcionarios xubilados dos corpos docentes universitarios que prestasen servizos destacados á universidade.

2. Os profesores visitantes serán contratados, temporalmente, entre profesores ou investigadores de recoñecido prestixio, procedentes doutras universidades e centros de investigación, tanto españois coma estranxeiros.

Artigo 55. *Retribucións do persoal docente e investigador contratado.*

1. As comunidades autónomas regularán o réxime retributivo do persoal docente e investigador contratado nas universidades públicas.

2. As comunidades autónomas poderán, así mesmo, establecer retribucións adicionais ligadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión. Dentro dos límites que para este fin fixen as comunidades autónomas, o Consello Social, por proposta do Consello de Goberno, poderá acorda-la asignación singular e individual dos devanditos complementos retributivos.

3. Sen prexuízo do disposto no número anterior, o Goberno poderá establecer programas de incentivo docente e investigador que comprendan ó persoal docente e investigador contratado.

4. Os complementos retributivos derivados do desenvolvemento dos dous números anteriores, asignaranse logo da valoración dos méritos pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación ou polo órgano de avaliación externa que a lei da comunidade autónoma determine.

SECCIÓN 2.^a DO PROFESORADO DOS CORPOS DOCENTES UNIVERSITARIOS

Artigo 56. *Corpos docentes universitarios.*

1. O profesorado universitario funcionario pertencera ós seguintes corpos docentes:

- a) Catedráticos de universidade.
- b) Profesores titulares de universidade.
- c) Catedráticos de escolas universitarias.
- d) Profesores titulares de escolas universitarias.

Os catedráticos e profesores titulares de universidade terán plena capacidade docente e investigadora. Os catedráticos e profesores titulares de escolas universitarias terán plena capacidade docente e, cando estean en posesión do título de doutor, tamén plena capacidade investigadora.

2. O profesorado universitario funcionario rexerese por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, pola lexislación xeral de funcionarios que lle sexa de aplicación e polos estatutos.

Respecto dos funcionarios dos corpos docentes universitarios que presten os seus servizos na universidade, corresponderalle ó rector adoptar as decisións relativas ás situacións administrativas e réxime disciplinario, a excepción da de separación do servizo, que será acordada polo órgano competente segundo a lexislación de funcionarios.

Artigo 57. *Habilitación nacional.*

1. O procedemento de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios seguirá o sistema de habilitación nacional previa. Esta virá definida pola categoría do corpo e a área de coñecemento. O Goberno regulará o sistema de habilitación, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria.

A habilitación faculta para concorrer a concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios. Unha vez que o candidato habilitado fose seleccionado por unha universidade pública no correspondente concurso de acceso, lle fose conferido o oportuno nomeamento e tomase posesión da praza, adquirirá a condición de funcionario de carreira do corpo docente universitario de que se trate, cos dereitos e deberes que lle son propios.

2. A convocatoria de probas de habilitación será efectuada polo Consello de Coordinación Universitaria e publicarse no «Boletín Oficial del Estado».

3. As probas de habilitación serán públicas e cada unha delas eliminatória.

4. As probas de habilitación serán xulgadas por comisións compostas por sete profesores da área de coñecemento correspondente ou, se é o caso, afíns, todos eles pertencentes ó corpo de funcionarios docentes universitarios da habilitación do cal se trate, ou de corpos docentes universitarios de iguais ou superiores categorías. No caso de os membros das citadas comisións seren profesores titulares de escolas universitarias, catedráticos de escolas universitarias ou profesores titu-

lares de universidade deberán posuír, cando menos, o recoñecemento de un período de actividade investigadora de acordo coas previsións do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, de retribucións do profesorado universitario, ou norma que o substitúa, e de dous dos mencionados períodos se se trata de catedráticos de universidade.

Os membros das comisións de habilitación serán elixidos por sorteo público realizado polo Consello de Coordinación Universitaria e segundo o procedemento que regulamentariamente estableza o Goberno. Actuará de presidente o catedrático de universidade máis antigo ou, se é o caso, o profesor titular de universidade ou catedrático de escolas universitarias máis antigo. As probas celebraranse na universidade de adscrición do presidente.

Nas citadas comisións de habilitación, un dos seus membros poderá ser funcionario científico e investigador pertencente ás escalas do Consello Superior de Investigacións Científicas, de acordo coa disposición adicional vixésimo sexta.

5. As comisións, finalizadas as probas, elevarán propostas vinculantes ó Consello de Coordinación Universitaria, que procederá á habilitación dos candidatos.

Artigo 58. *Habilitación de profesores titulares de escolas universitarias.*

1. Co fin de obter a habilitación para o corpo de profesores titulares de escolas universitarias, será necesario estar en posesión do título de licenciado, arquitecto ou enxeñeiro ou, excepcionalmente, naquelas áreas de coñecemento que estableza o Goberno, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria, de diplomado universitario, arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico e supera-las probas correspondentes.

2. A habilitación constará de dúas probas. A primeira consistirá na presentación e discusión coa comisión dos méritos e historial académico, docente e investigador do candidato, así como do seu proxecto docente, que incluírá o programa dunha das materias ou especialidades da área de coñecemento de que se trate. A segunda consistirá na exposición e debate coa comisión dun tema do programa presentado polo candidato e elixido por este, de entre tres sacados a sorteo.

3. Unicamente poderán convocarse probas de habilitación e concursos de acceso ó corpo de profesores titulares de escolas universitarias para aquelas áreas de coñecemento que, para estes efectos, estableza o Goberno logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria.

Artigo 59. *Habilitación de profesores titulares de universidade e catedráticos de escolas universitarias.*

1. Co fin de obter a habilitación para os corpos de profesores titulares de universidade e de catedráticos de escolas universitarias, será necesario estar en posesión do título de doutor e supera-las probas correspondentes.

2. A habilitación constará de tres probas. A primeira consistirá na presentación e discusión coa comisión dos méritos e historial académico, docente e investigador do candidato, así como do seu proxecto docente e investigador, que incluírá o programa dunha das materias ou especialidades da área de coñecemento de que se trate. A segunda consistirá na exposición e debate coa comisión dun tema do programa presentado polo candidato e elixido por este, de entre tres sacados a sorteo. A terceira proba consistirá na exposición e debate coa comisión dun traballo orixinal de investigación.

Para poder formar parte das comisións de habilitación, os catedráticos de escolas universitarias deberán estar en posesión do título de doutor.

3. Unicamente poderán convocarse probas de habilitación e concursos de acceso ó corpo de catedráticos de escolas universitarias para aquelas áreas de coñecemento que, para estes efectos, estableza o Goberno, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria.

Artigo 60. *Habilitación de catedráticos de universidade.*

1. Co fin de obter a habilitación para o corpo de catedráticos de universidade, será necesario te-la condición de profesor titular de universidade ou catedrático de escolas universitarias con tres anos de antigüidade e titulación de doutor. O Consello de Coordinación Universitaria eximirá destes requisitos a quen acredite te-la condición de doutor con, polo menos, oito anos de antigüidade, e obteña informe positivo da súa actividade docente e investigadora por parte da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación. Ademais deberán superarse as probas correspondentes.

2. A habilitación constará de dúas probas. A primeira consistirá na presentación e discusión coa comisión dos méritos e historial académico, docente e investigador do candidato. A segunda, na presentación ante a comisión e debate con esta dun traballo orixinal de investigación.

Artigo 61. *Persoal de corpos de funcionarios docentes universitarios que ocupen praza vinculada a servizos asistenciais de institucións sanitarias.*

O persoal dos corpos de funcionarios docentes universitarios que ocupen unha praza vinculada ós servizos asistenciais de institucións sanitarias, en áreas de coñecemento de carácter clínico asistencial, de acordo co establecido no artigo 105 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, rexerese polo establecido neste artigo e nos demais desta lei que lle sexan de aplicación. A dita praza considerarase, para tódolos efectos, como un só posto de traballo.

En atención ás peculiaridades destas prazas rexeranse, tamén, no que lles sexa de aplicación, pola Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e demais lexislación sanitaria, así como polas normas que o Goberno, por proposta conxunta dos ministros de Educación, Cultura e Deporte e de Sanidade e Consumo e, se é o caso, de Defensa, estableza en relación con estes funcionarios. En particular, nestas normas determinarase o exercicio das competencias sobre situacións administrativas, concretarase o réxime disciplinario deste persoal e establecerase, por proposta do ministro de Facenda, por iniciativa conxunta dos ministros indicados no inciso anterior, o sistema de retribucións aplicable ó mencionado persoal.

Artigo 62. *Procedemento para a habilitación.*

1. As universidades públicas, no modo que establezan os seus estatutos e en atención ás necesidades docentes e investigadoras, acordarán as prazas que serán provistas mediante concurso de acceso entre habilitados, e para este efecto comunicaranos á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria, na forma e prazos que estableza o Goberno.

2. A Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria sinalará o número de habilitacións que serán obxecto de convocatoria en cada área de coñecemento, en función do número de prazas comunicadas

á citada Secretaría Xeral, co fin de garanti-la posibilidade de selección das universidades entre habilitados.

3. As comisións de habilitación non lle poderán propor á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria a habilitación dun número maior de candidatos ó número de habilitacións sinalado no punto 2, pero si un número inferior a este, incluso a non habilitación de ningún candidato.

Artigo 63. *Convocatoria de concursos.*

1. As universidades públicas convocarán o correspondente concurso de acceso a corpos de funcionarios docentes, sempre que as prazas estean dotadas no estado de gastos do seu orzamento e que fosen comunicadas á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria para os efectos previstos no número 1 do artigo anterior, nos prazos que regulamentariamente se establezan.

No prazo máximo de dous anos desde a comunicación a que se refire o parágrafo anterior, e unha vez que teñan lugar as correspondentes probas de habilitación, a praza deberá proveerse, en todo caso, sempre que haxa concursantes a ela.

2. Os concursos de acceso serán convocados pola universidade e publicados no «Boletín Oficial del Estado» e no da comunidade autónoma. Serán resoltos, en cada universidade, por unha comisión constituída para tal efecto, de acordo co procedemento previsto nos seus estatutos.

Para os efectos de obter praza nunha universidade, poderán participar nos concursos, xunto ós habilitados para o corpo de que se trate, os funcionarios do dito corpo, e os de corpos docentes universitarios de iguais ou superiores categorías, sexa cal for a súa situación administrativa.

Artigo 64. *Garantías das probas.*

1. Nas probas de habilitación e nos concursos de acceso quedarán garantidos, en todo momento, a igualdade de oportunidades dos candidatos e o respecto ós principios de mérito e capacidade destes.

2. Os estatutos regularán os procedementos para a designación dos membros das comisións dos concursos de acceso. Basearanse en criterios obxectivos e xerais e garantirán, en todo caso, a plena competencia docente e investigadora dos ditos membros.

Os membros das comisións a que se refire o parágrafo anterior, que pertencen a algún dos corpos docentes previstos no número 1 do artigo 56, deberán contar co recoñecemento dos períodos de actividade investigadora mínimos que, para cada un dos mencionados corpos, se establecen no número 4 do artigo 57.

3. Nos concursos de acceso, as universidades farán pública a composición das comisións, así como os criterios para a adxudicación das prazas.

Artigo 65. *Nomeamentos.*

As comisións que xulguen os concursos de acceso proporarlle ó rector, motivadamente e con carácter vinculante, unha relación de tódolos candidatos por orde de preferencia para o seu nomeamento. Os nomeamentos, o número dos cales non poderá exceder-lo de prazas convocadas a concurso, serán efectuados polo rector, inscritos no correspondente rexistro de persoal, publicados no «Boletín Oficial del Estado» e no da comunidade autónoma, e comunicados ó Consello de Coordinación Universitaria.

A praza obtida tralo concurso de acceso a que se refire o artigo 63 deberá desempeñarse cando menos durante dous anos antes de poder participar nun novo concurso para efectos de obter praza noutra universidade.

Artigo 66. *Comisións de reclamacións.*

1. Contra as propostas das comisións de habilitación os candidatos poderán presentar reclamación ante o Consello de Coordinación Universitaria.

Admitida a reclamación, esta será valorada por unha comisión formada por sete catedráticos de universidade, de diversas áreas de coñecemento, con ampla experiencia docente e investigadora, designados polo Consello de Coordinación Universitaria. Esta comisión, que será presidida polo catedrático de universidade máis antigo, examinará o expediente relativo á proba de habilitación para velar polas garantías que establece o número 1 do artigo 64, e ratificará ou non a proposta reclamada, nun prazo máximo de tres meses.

2. Contra as propostas das comisións dos concursos de acceso os concursantes poderán presentar reclamación ante o rector. Admitida a reclamación, suspenderanse os nomeamentos ata a súa resolución por este.

Esta reclamación será valorada por unha comisión composta por sete catedráticos de universidade de diversas áreas de coñecemento, con ampla experiencia docente e investigadora, designados na forma que establezan os estatutos.

Esta comisión examinará o expediente relativo ó concurso, para velar polas garantías que establece o número 1 do artigo 64, e ratificará ou non a proposta reclamada no prazo máximo de tres meses.

3. As resolucións do Consello de Coordinación Universitaria e do rector a que se refiren os números anteriores deste artigo esgotan a vía administrativa e serán impugnables directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa, de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 67. *Reingreso de excedentes ó servizo activo.*

O reingreso ó servizo activo dos funcionarios de corpos docentes universitarios en situación de excedencia voluntaria efectuarase obtendo praza nos concursos de acceso ós corpos docentes universitarios que calquera universidade convoque, de acordo co establecido no número 2 do artigo 63.

O reingreso poderá efectuarse, así mesmo, na universidade á que pertencese o centro universitario de procedencia con anterioridade á excedencia, solicitando do rector a adscrición provisional a unha praza daquela, coa obriga de participar en cantos concursos de acceso convoque a devandita universidade para cubrir prazas no seu corpo e área de coñecemento, perdendo a adscrición provisional caso de non facelo. A adscrición provisional farase na forma e cos efectos que, respectando os principios recoñecidos pola lexislación xeral de funcionarios no caso do reingreso ó servizo activo, determinen os estatutos. Non obstante, o reingreso será automático e definitivo, por solicitude do interesado dirixida á universidade de orixe, sempre que transcorresen, polo menos, dous anos en situación de excedencia, e que non excedesen de cinco, e se existe praza vacante deste corpo e área de coñecemento.

Artigo 68. *Réxime de dedicación.*

1. O profesorado das universidades públicas exercerá as súas funcións preferentemente en réxime de dedicación a tempo completo, ou ben a tempo parcial.

A dedicación será, en todo caso, compatible coa realización de traballos científicos, técnicos ou artísticos a que se refire o artigo 83, de acordo coas normas básicas que estableza o Goberno, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria.

2. A dedicación a tempo completo do profesorado universitario será requisito necesario para o desempeño de órganos unipersoais de goberno, que, en ningún caso, poderán exercerse simultaneamente.

Artigo 69. *Retribucións do persoal docente e investigador funcionario.*

1. O Goberno determinará o réxime retributivo do persoal docente e investigador universitario pertencente ós corpos de funcionarios. Este réxime, que terá carácter uniforme en tódalas universidades, será o establecido pola lexislación xeral de funcionarios, adecuado, especificamente, ás características do devandito persoal. Para estes efectos, o Goberno establecerá os intervalos de niveis ou categorías dentro de cada nivel correspondentes a cada corpo docente, os requisitos de promoción dun a outro, así como as súas consecuencias retributivas.

2. O Goberno poderá establecer retribucións adicionais ás anteriores e ligadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión.

3. As comunidades autónomas poderán, así mesmo, establecer retribucións adicionais ligadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión. Dentro dos límites que para este fin fixen as comunidades autónomas, o Consello Social, por proposta do Consello de Goberno, poderá acorda-la asignación singular e individual dos devanditos complementos retributivos.

4. Os complementos retributivos derivados do desenvolvemento dos dous números anteriores asignaranse logo da valoración dos méritos pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación ou polo órgano de avaliación externa que a lei da comunidade autónoma determine.

Artigo 70. *Relacións de postos de traballo do profesorado.*

1. Cada universidade pública establecerá anualmente, no estado de gastos do seu orzamento, a relación de postos de traballo do seu profesorado, na que se relacionarán, debidamente clasificadas, tódalas prazas de profesorado, incluíndo o persoal docente e investigador contratado.

2. As relacións de postos de traballo da universidade deberán adaptarse, en todo caso, ó establecido no parágrafo segundo do número 1 do artigo 48.

3. As universidades poderán modifica-la relación de postos de traballo do seu profesorado por ampliación das prazas existentes ou por minoración ou cambio de denominación das prazas vacantes, na forma que indiquen os seus estatutos e sen prexuízo do disposto no artigo 82.

Artigo 71. *Áreas de coñecemento.*

1. As denominacións das prazas da relación de postos de traballo de profesores funcionarios de corpos docentes universitarios corresponderán ás das áreas de coñecemento existentes. Para tales efectos, entenderase por área de coñecemento aqueles campos do saber caracterizados pola homoxeneidade do seu obxecto de coñecemento, unha común tradición histórica e a existencia de comunidades de profesores e investigadores, nacionais ou internacionais.

2. O Goberno establecerá e, se é o caso, revisará o catálogo de áreas de coñecemento, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria.

CAPÍTULO II

Das universidades privadas

Artigo 72. *Personal docente e investigador.*

1. O persoal docente e investigador das universidades privadas deberá estar en posesión da titulación académica que se estableza na normativa prevista no número 3 do artigo 4.

2. Con independencia das condicións xerais que se establezan de conformidade co número 3 do artigo 4, cando menos o vintecinco por cento do total do seu profesorado deberá estar en posesión do título de doutor e ter obtido a avaliación positiva da súa actividade docente e investigadora por parte da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación ou do órgano de avaliación externa que a lei da comunidade autónoma determine.

TÍTULO X

Do persoal de administración e servicios das universidades públicas

Artigo 73. *O persoal de administración e servicios.*

1. O persoal de administración e servicios das universidades estará formado por persoal funcionario das escalas das propias universidades e persoal laboral contratado pola propia universidade, así como por persoal funcionario pertencente ós corpos e escalas doutras administracións públicas.

2. Corresponde ó persoal de administración e servicios das universidades públicas o apoio, asistencia e asesoramento ás autoridades académicas, o exercicio da xestión e administración, particularmente nas áreas de recursos humanos, organización administrativa, asuntos económicos, informática, arquivos, bibliotecas, información, servicios xerais, así como calquera outro proceso de xestión administrativa e de soporte que se determine necesario para a universidade no cumprimento dos seus obxectivos.

3. O persoal funcionario de administración e servicios rexeráse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, pola lexislación xeral de funcionarios, e polas disposicións de desenvolvemento desta que elaboren as comunidades autónomas, e polos estatutos da súa universidade.

O persoal laboral de administración e servicios, ademais das previsións desta lei e as súas normas de desenvolvemento e dos estatutos da súa universidade, rexeráse pola lexislación laboral e os convenios colectivos aplicables.

Artigo 74. *Retribucións.*

1. O persoal de administración e servicios das universidades será retribuído con cargo ós orzamentos destas.

2. As universidades establecerán o réxime retributivo do persoal funcionario, dentro dos límites máximos que determine a comunidade autónoma e no marco das bases que dicte o Estado.

Artigo 75. *Selección.*

1. As universidades poderán crear escalas de persoal propio de acordo cos grupos de titulación esixidos de conformidade coa lexislación xeral da función pública.

2. A selección do persoal de administración e servicios realizarase mediante a superación das probas selectivas de acceso, do modo que establezan as leis

e os estatutos que lle son de aplicación e atendendo ós principios de igualdade, mérito e capacidade.

Garantirase, en todo caso, a publicidade das correspondentes convocatorias mediante a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e no da comunidade autónoma.

3. Os principios establecidos no número 2 observaranse tamén para a selección do persoal contratado.

Artigo 76. *Provisión das prazas.*

1. A provisión de postos de persoal de administración e servicios das universidades realizarase polo sistema de concursos, ós que poderán concorrer tanto o persoal propio destas como o persoal doutras universidades. O persoal pertencente a corpos e escalas das administracións públicas poderá concorrer nas condicións que regulamentariamente se determinen.

2. Só poderán cubrirse polo sistema de libre designación aqueles postos que determinen as universidades atendendo á natureza das súas funcións, e de conformidade coa normativa xeral da función pública.

3. Os estatutos establecerán as normas para asegurar a provisión das vacantes que se produzan e o perfeccionamento e promoción profesional do persoal, de acordo cos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade.

4. As universidades promoverán as condicións para que o persoal de administración e servicios poida desempeñar as súas funcións en universidades distintas da de orixe. Para tal fin, poderán formalizarse convenios entre as universidades ou con outras administracións públicas que garantan o dereito á mobilidade do seu respectivo persoal baixo o principio de reciprocidade.

Artigo 77. *Situacións.*

Corresponde ó rector da universidade adoptar as decisións relativas ás situacións administrativas e réxime disciplinario para os funcionarios de administración e servicios que desempeñen funcións nela, con excepción da separación do servizo, que será acordada polo órgano competente segundo a lexislación de funcionarios.

Igualmente, corresponde ó rector a aplicación do réxime disciplinario no caso do persoal laboral.

Artigo 78. *Representación e participación.*

Garantirase a participación do persoal de administración e servicios nos órganos de goberno e representación das universidades, de acordo co disposto nesta lei e nos estatutos.

TÍTULO XI

Do réxime económico e financeiro das universidades públicas

Artigo 79. *Autonomía económica e financeira.*

1. As universidades públicas terán autonomía económica e financeira nos termos establecidos nesta lei. Para tal efecto, deberán dispor de recursos suficientes para o desempeño das súas funcións.

2. No exercicio da súa actividade económico-financiera, as universidades públicas rexeranse polo previsto neste título e na lexislación financeira e orzamentaria aplicable ó sector público.

Artigo 80. *Patrimonio da universidade.*

1. Constitúe o patrimonio de cada universidade o conxunto dos seus bens, dereitos e obrigacións. Os bens afectos ó cumprimento dos seus fins e os actos que para o desenvolvemento inmediato de tales fins realicen, así como os seus rendementos, gozarán de exención tributaria, sempre que os tributos e exencións recaian directamente sobre as universidades en concepto legal de contribuíntes, a non ser que sexa posible legalmente a traslación da carga tributaria.

2. As universidades asumen a titularidade dos bens de dominio público afectos ó cumprimento das súas funcións, así como os que, no futuro, destinen a estes mesmos fins o Estado ou as comunidades autónomas. Excepciónanse, en todo caso, os bens que integren o Patrimonio Histórico Español. Cando os bens ós que se refire o primeiro inciso deste número deixen de ser necesarios para a prestación do servizo universitario, ou se empreguen en funcións distintas das propias da universidade, a Administración de orixe poderá reclama-la súa reversión, ou ben, se iso non for posible, o reembolso do seu valor ó momento en que procedía a reversión.

As administracións públicas poderán adscribir bens da súa titularidade ás universidades públicas para a súa utilización nas funcións propias destas.

3. A administración e disposición dos bens de dominio público, así como dos patrimoniais, axustarase ás normas xerais que rexan nesta materia. Sen prexuízo da aplicación do disposto na lexislación sobre Patrimonio Histórico Español, os actos de disposición dos bens inmoebles e dos mobles de extraordinario valor serán acordados pola universidade, coa aprobación do Consello Social, de conformidade coas normas que, a este respecto, determine a comunidade autónoma.

4. Canto ós beneficios fiscais das universidades públicas, aplicarase o disposto para as entidades sen finalidade lucrativa na Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral. As actividades de mecenado en favor das universidades públicas gozarán dos beneficios que establece a mencionada lei.

Artigo 81. *Programación e orzamento.*

1. No marco do establecido polas comunidades autónomas, as universidades poderán elaborar programacións plurianuais que poidan conducir á aprobación, polas comunidades autónomas, de convenios e contratos programa que incluírán os seus obxectivos, financiamento e a avaliación do seu cumprimento.

2. O orzamento será público, único e equilibrado, e comprenderá a totalidade dos seus ingresos e gastos.

3. O orzamento das universidades conterá no seu estado de ingresos:

a) As transferencias para gastos correntes e de capital fixadas, anualmente, polas comunidades autónomas.

b) Os ingresos polos prezos públicos por servizos académicos e demais dereitos que legalmente se establezan. No caso de estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, os prezos públicos e dereitos fixaraos a comunidade autónoma, dentro dos límites que estableza o Consello de Coordinación Universitaria, que estarán relacionados cos custos de prestación do servizo.

Así mesmo, consignaranse as compensacións correspondentes ós importes derivados das exencións e reducións que legalmente se dispoñan en materia de prezos públicos e demais dereitos.

c) Os prezos de ensinanzas propias, cursos de especialización e os referentes ás demais actividades autorizadas ás universidades ateranse ó que estableza o Con-

sello Social, e deberán ser, en todo caso, aprobados xunto cos orzamentos anuais nos que se deban aplicar.

d) Os ingresos procedentes de transferencias de entidades públicas e privadas, así como de herdanzas, legados ou doazóns.

e) Os rendementos procedentes do seu patrimonio e daquelas actividades económicas que desenvolvan segundo o previsto nesta lei e nos seus propios estatutos.

f) Tódolos ingresos procedentes dos contratos previstos no artigo 83.

g) Os remanentes de tesourería e calquera outro ingreso.

h) O produto das operacións de crédito que concerten, debendo ser compensado para a consecución do necesario equilibrio orzamentario da comunidade autónoma, a cal, en todo caso, deberá autorizar calquera operación de endebedamento.

4. A estrutura do orzamento das universidades, o seu sistema contable, e os documentos que comprenden as súas contas anuais deberán adaptarse, en todo caso, ás normas que con carácter xeral se establezan para o sector público. Neste marco, para os efectos da normalización contable, as comunidades autónomas poderán establecer un plan de contabilidade para as universidades da súa competencia.

O estado de gastos correntes xuntaráse á relación de postos de traballo do persoal de tódalas categorías da universidade, especificando a totalidade dos custos dela. Os custos do persoal docente e investigador, así como de administración e servizos, deberán ser autorizados pola comunidade autónoma.

5. As universidades están obrigadas a render contas da súa actividade ante o órgano de fiscalización de contas da comunidade autónoma, sen prexuízo das competencias do Tribunal de Contas.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, as universidades enviarán ó Consello de Goberno da comunidade autónoma a liquidación do orzamento e o resto de documentos que constitúan as súas contas anuais no prazo establecido polas normas aplicables de cada comunidade autónoma ou, no seu defecto, na lexislación xeral. Recibidas as contas na comunidade autónoma, remitiranse ó órgano de fiscalización de contas desta ou, no seu defecto, ó Tribunal de Contas.

Artigo 82. *Desenvolvemento e execución dos orzamentos.*

As comunidades autónomas establecerán as normas e procedementos para o desenvolvemento e execución do orzamento das universidades, así como para o control dos investimentos, gastos e ingresos daquelas, mediante as correspondentes técnicas de auditoría, baixo a supervisión dos consellos sociais.

Será lexislación supletoria nesta materia a normativa que, con carácter xeral, sexa de aplicación ó sector público.

Artigo 83. *Colaboración con outras entidades ou persoas físicas.*

1. Os grupos de investigación recoñecidos pola universidade, os departamentos e os institutos universitarios de investigación, e o seu profesorado a través destes ou dos órganos, centros, fundacións ou estruturas organizativas similares da universidade dedicados á canalización das iniciativas investigadoras do profesorado e á transferencia dos resultados da investigación, poderán celebrar contratos con persoas, universidades ou entidades públicas e privadas para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como para

o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación.

2. Os estatutos, no marco das normas básicas que dicte o Goberno, establecerán os procedementos de autorización dos traballos e de celebración dos contratos previstos no número anterior, así como os criterios para fixa-lo destino dos bens e recursos que con eles se obteñan.

Artigo 84. Creación de fundacións ou outras persoas xurídicas.

Para a promoción e desenvolvemento dos seus fins, as universidades, coa aprobación do Consello Social, poderán crear, por si soas ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas, empresas, fundacións ou outras persoas xurídicas de acordo coa lexislación xeral aplicable.

A dotación fundacional ou a achega ó capital social e calquera outra achega ás entidades que prevé o parágrafo anterior, con cargo ós orzamentos da universidade, quedarán sometidas ás normas que, para tal fin, establece a comunidade autónoma.

As entidades nas que as universidades teñan participación maioritaria no seu capital ou fondo patrimonial equivalente quedan sometidas á obriga de render contas nos mesmos prazos e procedemento que as propias universidades.

TÍTULO XII

Dos centros no estranxeiro ou que impartan ensinanzas conforme sistemas educativos estranxeiros

Artigo 85. Centros no estranxeiro.

1. Os centros dependentes de universidades españolas sitos no estranxeiro, que impartan ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, terán unha estrutura e un réxime singularizados co fin de acomodar ás esixencias do contorno, de acordo co que determine o Goberno, e co que, se é o caso, dispoñan os convenios internacionais.

En todo caso, a súa creación e supresión será acordada polo Goberno, por proposta conxunta dos ministros de Educación, Cultura e Deporte e de Asuntos Exteriores, por proposta do Consello Social da universidade, e co informe previo do Consello de Goberno da universidade, aprobada pola comunidade autónoma competente, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria.

2. O disposto no número anterior será de aplicación para poder impartir no estranxeiro ensinanzas de modalidade presencial, conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Artigo 86. Centros que impartan ensinanzas conforme sistemas educativos estranxeiros.

1. O Goberno, co informe previo do Consello de Coordinación Universitaria, regulará o marco xeral no que deberán impartirse en España ensinanzas conducentes á obtención de títulos estranxeiros de educación superior universitaria, así como as condicións que deberán reuni-los centros que pretendan impartir tales ensinanzas.

O establecemento en España de centros que, baixo calquera modalidade, impartan as ensinanzas a que se refire o parágrafo anterior, requirirá a autorización do

órgano competente da comunidade autónoma no territorio da cal se pretenda o establecemento, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria.

2. Nos termos que estableza a normativa a que se refire o número anterior, os centros regulados neste artigo estarán sometidos, en todo caso, á avaliación da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación ou, se é o caso, do órgano de avaliación externa que a lei da comunidade autónoma determine. Neste segundo suposto, a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación recibirá, en todo caso, copia do mencionado informe.

3. Os títulos e ensinanzas de educación superior correspondentes a estudos estranxeiros realizados, en todo ou en parte, en España só poderán ser sometidos ó trámite de homologación ou validación se os centros onde se realizaron os citados estudos se establecieran de acordo co previsto nos números anteriores, e as ensinanzas sancionadas polo título estranxeiro para o que se pretende a homologación están efectivamente implantadas na universidade ou centro estranxeiro que expediu o título. Regulamentariamente, e para os efectos da devandita homologación, o Goberno regulará as condicións de acceso ós estudos nos citados centros.

4. O disposto nos números anteriores enténdese sen prexuízo do establecido nos tratados ou convenios internacionais subscritos por España ou, se é o caso, da aplicación do principio de reciprocidade.

5. O Estado e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, velarán polo cumprimento, por parte dos centros que impartan ensinanzas conforme sistemas educativos estranxeiros, do establecido no presente artigo, así como por que os estudantes que se matriculen neles dispoñan dunha correcta información sobre as ensinanzas e os títulos ós que poden acceder.

TÍTULO XIII

Espacio europeo de ensino superior

Artigo 87. Da integración no espacio europeo de ensino superior.

No ámbito das súas respectivas competencias, o Goberno, as comunidades autónomas e as universidades adoptarán as medidas necesarias para a plena integración do sistema español no espacio europeo de ensino superior.

Artigo 88. Das ensinanzas e títulos.

1. Co fin de promover a máis ampla mobilidade de estudantes e titulados españois no espacio europeo de ensino superior, o Goberno, co previo informe do Consello de Coordinación Universitaria, adoptará as medidas que aseguren que os títulos oficiais expedidos polas universidades españolas se acompañen daqueles elementos de información que garantan a transparencia acerca do nivel e contidos das ensinanzas certificadas polo devandito título.

2. Non obstante o disposto no artigo 37, e co fin de cumprilas liñas xerais que emanen do espacio europeo de ensino superior, o Goberno, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria, establecerá, reformará ou adaptará as modalidades cíclicas de cada ensino e os títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional correspondente a elas.

Cando estes títulos substitúan os indicados no citado artigo 37, o Goberno, co previo informe do Consello de Coordinación Universitaria, determinará as condicións

para a homologación destes ós novos títulos, así como para a validación ou adaptación das ensinanzas que os mesmos referenden.

3. Así mesmo, o Goberno, co informe previo do Consello de Coordinación Universitaria, establecerá as normas necesarias para que a unidade de medida do haber académico, correspondente á superación de cada unha das materias que integran os plans de estudo das diversas ensinanzas conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, sexa o crédito europeo ou calquera outra unidade que se adopte no espazo europeo de ensino superior, e para que as universidades xunten ós títulos oficiais que expidan, en desenvolvemento do disposto no artigo 34 desta lei, o suplemento europeo ó título.

4. O Estado, as comunidades autónomas e as universidades fomentarán a mobilidade dos estudantes no espazo europeo de ensino superior a través de programas de bolsas e axudas e créditos ó estudo ou, se é o caso, complementando os programas de bolsas e axudas da Unión Europea.

Artigo 89. *Do profesorado.*

1. O profesorado das universidades dos estados membros da Unión Europea que alcanzase naquelas unha posición equivalente ás de catedrático ou profesor titular de universidade ou de catedrático ou profesor titular de escolas universitarias será considerado habilitado para os efectos previstos nesta lei, segundo o procedemento e condicións que estableza regulamentariamente o Goberno, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria.

2. O profesorado ó que se refire o número 1 poderá formar parte das comisións a que se refire o artigo 57 desta lei e, se as universidades así o establecen nos seus estatutos, das comisións encargadas de resolver os concursos para o acceso ós corpos docentes universitarios.

3. Para os efectos da concorrencia ás probas de habilitación e concursos de acceso ós corpos de funcionarios docentes universitarios e ás convocatorias de contratos de profesorado que prevé esta lei, os nacionais de estados membros da Unión Europea gozarán de idéntico tratamento, e cos mesmos efectos, ó dos nacionais españois.

O establecido no parágrafo anterior será de aplicación ós nacionais daqueles estados ós que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos en que esta se encontra definida no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

4. O Estado, as comunidades autónomas e as universidades fomentarán a mobilidade dos profesores no espazo europeo de ensino superior a través de programas e convenios específicos e dos programas da Unión Europea.

Disposición adicional primeira. *Das universidades creadas ou recoñecidas por lei das Cortes Xerais.*

As Cortes Xerais e o Goberno exercerán as competencias que esta lei atribúe, respectivamente, á Asemblea Lexislativa e ó Consello de Goberno das comunidades autónomas, en canto se refire ás universidades creadas ou recoñecidas por lei das Cortes Xerais, de acordo co establecido no artigo 4, en atención ás súas especiais características e ámbito das súas actividades, á Universidade Nacional de Educación a Distancia e á Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

Disposición adicional segunda. *Da Universidade Nacional de Educación a Distancia.*

1. A Universidade Nacional de Educación a Distancia impartirá ensino universitario a distancia en todo o territorio nacional.

2. En atención ás súas especiais características, o Goberno establecerá, sen prexuízo dos principios recollidos nesta lei, unha regulación específica da Universidade Nacional de Educación a Distancia, que terá en conta, en todo caso, o réxime dos seus centros asociados e de convenios coas comunidades autónomas e outras entidades públicas e privadas, as específicas obrigas docentes do seu profesorado, así como o réxime dos titores.

3. A devandita regulación, de acordo coas previsións do artigo 7, preverá a creación dun Centro Superior para o Ensino Virtual especificamente dedicado a esta modalidade de ensino nos distintos ciclos dos estudos universitarios. Dada a modalidade especial do ensino e a orientación finalista deste centro, tanto a súa organización, o réxime do seu persoal e os procedementos de xestión, así como o seu financiamento, serán obxecto de previsións particulares respecto do réxime xeral da Universidade Nacional de Educación a Distancia.

Disposición adicional terceira. *Da Universidade Internacional Menéndez Pelayo.*

1. A Universidade Internacional Menéndez Pelayo, centro universitario de alta cultura, investigación e especialización no que converxen actividades de distintos graos e especialidades universitarias, ten por misión difundir a cultura e a ciencia, fomenta-las relacións de intercambio e información científica e cultural de interese internacional e interrexional e o desenvolvemento de actividades de alta investigación e especialización. Con tal fin, organizará e desenvolverá, conforme o establecido nesta lei, ensinanzas de terceiro ciclo que acreditará cos correspondentes títulos oficiais de doutor e outros títulos e diplomas de posgrao que expida.

2. En atención ás súas especiais características e ó ámbito das súas actividades, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo manterá o seu carácter de organismo autónomo adscrito ó Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, con personalidade xurídica e patrimonio propios, e plena capacidade para realizar todo xénero de actos de xestión e disposición para o cumprimento dos seus fins, sen máis limitacións que as establecidas polas leis.

3. A Universidade Internacional Menéndez Pelayo gozará de autonomía no exercicio das súas funcións docentes, investigadoras e culturais, no marco do seu específico réxime legal.

4. A Universidade Internacional Menéndez Pelayo rexeráse pola normativa propia dos organismos autónomos a que se refire o artigo 43.1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, polas disposicións desta lei que lle resulten aplicables e polo correspondente estatuto.

Disposición adicional cuarta. *Das universidades da Igrexa Católica.*

1. A aplicación desta lei ás universidades e outros centros da Igrexa Católica axustarase ó disposto nos acordos entre o Estado español e a Santa Sé.

2. As universidades establecidas ou que se establezan en España pola Igrexa Católica con posterioridade ó Acordo entre o Estado español e a Santa Sé do 3 de xaneiro de 1979, sobre ensino e asuntos culturais,

quedarán sometidas ó previsto por esta lei para as universidades privadas, a excepción da necesidade de lei de recoñecemento .

Nos mesmos termos, os centros universitarios de ciencias non eclesiásticas non integrados como centros propios nunha universidade da Igrexa Católica, e que esta estableza en España, suxeitaranse, para impartiren ensinanzas conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, ó previsto por esta lei para os centros adscritos a unha universidade pública.

Disposición adicional quinta. Dos colexios maiores e residencias universitarias.

1. Os colexios maiores son centros universitarios que, integrados na universidade, proporcionan residencia ós estudantes e promoven a formación cultural e científica dos residentes, proxectando a súa actividade ó servizo da comunidade universitaria.

2. O funcionamento dos colexios maiores regularase polos estatutos de cada universidade e os propios de cada colexio maior e gozarán dos beneficios e exencións fiscais da universidade á que estean adscritos.

3. As universidades poderán crear ou adscribir residencias universitarias de acordo co previsto nos seus estatutos.

Disposición adicional sexta. Doutras centros docentes de educación superior.

Os centros docentes de educación superior que, pola natureza das ensinanzas que impartan ou os títulos ou diplomas que estean autorizados a expedir, non se integren ou non proceda a súa integración ou adscrición a unha universidade, conforme os termos desta lei, rexeranse polas disposicións específicas que lles sexan aplicables.

Disposición adicional sétima. Do réxime de concertos entre universidades e institucións sanitarias.

Corresponde ó Goberno, por proposta dos ministerios de Educación, Cultura e Deporte e de Sanidade e Consumo, co previo informe do Consello de Coordinación Universitaria, establece-las bases xerais do réxime de concertos entre as universidades e as institucións sanitarias e establecementos sanitarios, nas que se deba impartir ensino universitario, para efectos de garantir a docencia práctica de medicina, farmacia e enfermería e outras ensinanzas que así o esixan.

Nas devanditas bases xerais, preverase a participación dos consellos de goberno das comunidades autónomas nos concertos singulares que, conforme aquelas, se subscriban entre universidades e institucións sanitarias.

Disposición adicional oitava. Do modelo de financiamento das universidades públicas.

Para efectos do previsto no artigo 79, o Consello de Coordinación Universitaria elaborará un modelo de custos de referencia das universidades públicas que, atendendo ás necesidades mínimas destas, e con carácter meramente indicativo, teña en conta criterios e variables que poidan servir de estándar para a elaboración de modelos de financiamento polos poderes públicos, no ámbito das súas competencias e dentro do obxectivo de estabilidade orzamentaria, e ás universidades para o desenvolvemento das súas políticas de financiamento.

Disposición adicional novena. Dos cambios sobrevidos nas universidades privadas e centros de educación superior adscritos a universidades públicas.

1. O recoñecemento das universidades privadas caducará no caso de que, transcorrido o prazo fixado pola lei de recoñecemento, non se solicitase a autorización para o inicio das actividades académicas ou esta fose denegada por falta de cumprimento dos requisitos previstos no ordenamento xurídico.

2. Por solicitude dunha universidade privada, o órgano competente da comunidade autónoma, e conforme o procedemento que esta estableza, poderá deixar sen efecto o recoñecemento dos centros ou ensinanzas existentes na devandita universidade. Esta garantirá que os estudantes que cursen as correspondentes ensinanzas as poidan finalizar conforme as regras xerais para a extinción dos plans de estudos.

O disposto no parágrafo anterior será de aplicación, así mesmo, no caso de supresión de centros adscritos a universidades públicas.

3. Se con posterioridade ó inicio das súas actividades a comunidade autónoma apreciase que unha universidade privada ou un centro universitario adscrito a unha universidade pública incumpre os requisitos esixidos polo ordenamento xurídico ou os compromisos adquiridos ó solicitarse o seu recoñecemento, ou se separa das funcións institucionais da universidade recollidos no artigo 1, requirirá da universidade a regularización en prazo da situación. Transcorrido este sen que tal regularización se producise, logo de audiencia da universidade privada ou do centro universitario adscrito, a comunidade autónoma poderá revoga-lo recoñecemento dos centros ou ensinanzas afectados ou comunicarllo á Asemblea Lexislativa, para efectos da posible revogación do recoñecemento da universidade privada.

Disposición adicional décima. Da mobilidade temporal do persoal das universidades.

1. Os poderes públicos promoverán mecanismos de mobilidade entre as universidades e outros centros de investigación, cos seus correspondentes programas de financiamento. Así mesmo, promoverán medidas de fomento e colaboración entre as universidades, centros de ensinanzas non universitarias, administracións públicas, empresas e outras entidades, públicas ou privadas, para favorecer-la mobilidade temporal entre o seu persoal e o que presta os seus servizos nestas entidades.

2. Para os efectos previstos no número anterior, terase en conta a singularidade das universidades dos territorios insulares e a distancia ó territorio peninsular. O Goberno, as comunidades autónomas e as universidades establecerán, coordinadamente, unha liña de fomento para a mobilidade dos axudantes.

Disposición adicional décimo primeira. Dos nacionais de estados non membros da Unión Europea.

1. Os contratos de profesorado que prevé esta lei non estarán suxeitos a condicións ou requisitos baseados na nacionalidade.

2. Para os nacionais de estados non membros da Unión Europea a participación nas probas de habilitación que prevé esta lei non estará suxeita a condicións ou requisitos baseados na nacionalidade.

Os habilitados de nacionalidade estranxeira non comunitaria poderán tomar parte nos concursos de acceso e, se é o caso, acceder á función pública docente universitaria, cando no estado da súa nacionalidade ós españois se lles recoñeza aptitude legal para ocupar na docencia universitaria posicións análogas ás dos funcionarios dos corpos docentes universitarios na universidade española.

Disposición adicional décimo segunda. *Dos profesores asociados conforme o artigo 105 da Lei xeral de sanidade.*

Os profesores asociados con praza e nomeamento que traian causa do número 2 do artigo 105 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, rexeranse polas normas propias dos profesores asociados da universidade, coas peculiaridades que regulamentariamente se establezan en canto á duración dos seus contratos.

O número de prazas de profesores asociados que se determine nos concertos entre as universidades e as institucións sanitarias non será tomado en consideración para os efectos da porcentaxe que establece o parágrafo segundo do número 1 do artigo 48.

Disposición adicional décimo terceira. *Da contratación de persoal investigador, científico ou técnico conforme a Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.*

As posibilidades de contratación de persoal previstas nesta lei para as universidades públicas enténdense sen prexuízo do establecido no artigo 17 da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, na redacción dada pola disposición adicional sétima da Lei 12/2001, do 9 de xullo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade.

Disposición adicional décimo cuarta. *Do Defensor Universitario.*

Para velar polo respecto ós dereitos e ás liberdades dos profesores, estudantes e persoal de administración e servizos, ante as actuacións dos diferentes órganos e servizos universitarios, as universidades establecerán na súa estrutura organizativa a figura do Defensor Universitario. As súas actuacións, sempre dirixidas cara á mellora da calidade universitaria en tódolos seus ámbitos, non estarán sometidas a mandato imperativo de ningunha instancia universitaria e virán rexidas polos principios de independencia e autonomía.

Corresponderá ós estatutos establecer o procedemento para a súa elección ou designación, duración do seu mandato e dedicación, así como o seu réxime de funcionamento.

Disposición adicional décimo quinta. *Do acceso ós distintos ciclos dos estudos universitarios.*

Nas directrices xerais dos plans de estudos a que se refire o número 1 do artigo 34, o Goberno, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria, establecerá as condicións para o paso dun ciclo a outro daqueles en que se estruturan os estudos universitarios de acordo co establecido no artigo 37 e o número 2 do artigo 88, así como para o acceso ós distintos ciclos desde ensinanzas ou titulacións universitarias ou non universitarias que fosen declaradas equivalentes ás universitarias para tódolos efectos.

Disposición adicional décimo sexta. *Dos títulos de especialista para profesionais sanitarios.*

Os títulos de especialista para profesionais sanitarios serán expedidos polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, terán carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, e regularanse pola súa normativa específica.

Corresponde ó Goberno, por proposta dos ministros de Educación, Cultura e Deporte e de Sanidade e Consumo, e de acordo co previsto nas disposicións da Unión Europea que resulten aplicables, a creación, cambio de denominación ou supresión de especialidades e a determinación das condicións para a súa obtención, expedición e homologación.

A disposición adicional décimo novena desta lei resultará aplicable á denominación dos devanditos títulos de especialista.

Disposición adicional décimo sétima. *Das actividades deportivas das universidades.*

O Goberno, por proposta do Consello de Coordinación Universitaria, dictará as disposicións necesarias para coordinar as actividades deportivas das universidades co fin de asegurar a súa proxección nacional e internacional e articular fórmulas para compatibilizar os estudos de deportistas de alto nivel coas súas actividades deportivas.

Disposición adicional décimo oitava. *Das exencións tributarias.*

As exencións tributarias ás que se refire esta lei, en canto afecten as universidades situadas en comunidades autónomas que gocen dun réxime tributario foral, adecuaranse ó que se establece na lei orgánica aplicable a esa comunidade.

Disposición adicional décimo novena. *Das denominacións.*

Só poderá utilizarse a denominación de universidade, ou as propias dos centros, ensinanzas, títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional e órganos unipersoais de goberno a que se refire esta lei, cando fosen autorizadas ou recoñecidas de acordo co disposto nela. Non se poderán utilizar aquelas outras denominacións que, polo seu significado, poidan inducir a confusión con aquelas.

Disposición adicional vixésima. *Do Rexistro Nacional de Universidades, Centros e Ensinanzas.*

1. No Ministerio de Educación, Cultura e Deporte existirá con carácter meramente informativo un rexistro nacional de universidades e centros e estruturas universitarias que impartan ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional e destas mesmas ensinanzas. Este rexistro, que terá carácter público, denominarase Rexistro Nacional de Universidades, Centros e Ensinanzas. A inscrición nel será requisito necesario para a inclusión dos correspondentes títulos que expidan as universidades no Rexistro Nacional de Títulos Universitarios Oficiais.

2. As comunidades autónomas ou os rexistros públicos dependentes delas terán que dar traslado ó Rexistro Nacional de Universidades, Centros e Ensinanzas, mencionado no punto anterior, dos datos a que este se refire.

3. As comunidades autónomas ou os rexistros públicos dependentes delas terán que dar traslado ó Rexistro Nacional de Universidades, Centros e Ensinanzas da inscrición das universidades privadas. No devandito rexistro deberá quedar constancia da persoa ou persoas, físicas ou xurídicas, promotoras ou que, se é o caso, ostenten algún tipo de titularidade sobre a universidade privada en canto persoa xurídica, dos cambios que se efectúen

en relación con elas, así como das alteracións que poidan producirse na natureza e estrutura da universidade privada en canto persoa xurídica. Presumirase o carácter de promotor ou titular de quen figure como tal no mencionado rexistro.

Disposición adicional vixésimo primeira. *Da excepción de clasificación como contratistas ás universidades.*

Nos supostos do artigo 83 non será esixible a clasificación como contratistas ás universidades para seren adxudicatarias de contratos coas administracións públicas.

Disposición adicional vixésimo segunda. *Do réxime de seguridade social de profesores asociados, visitantes e eméritos.*

1. Na aplicación do réxime de seguridade social ós profesores asociados e ós profesores visitantes, procederase como segue:

a) Os que sexan funcionarios públicos suxeitos ó réxime de clases pasivas do Estado continuarán co seu respectivo réxime, sen que proceda a súa alta no réxime xeral da Seguridade Social, pola súa condición de profesor asociado ou visitante.

b) Os que estean suxeitos ó réxime xeral da Seguridade Social ou a algún réxime especial distinto do sinalado na alínea a) serán alta no réxime xeral da Seguridade Social.

c) Os que non estean suxeitos a ningún réxime de previsión obrigatoria serán alta no réxime xeral da Seguridade Social.

2. Os profesores eméritos non serán dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

Disposición adicional vixésimo terceira. *Da alta inspección do Estado.*

Correspóndelle ó Estado a alta inspección e demais facultades que, conforme o artigo 149.1.30.^a da Constitución, lle competen para garanti-lo cumprimento das súas atribucións en materia de ensino universitario, sen prexuízo das competencias propias das comunidades autónomas.

Disposición adicional vixésimo cuarta. *Da integración de estudantes con discapacidade nas universidades.*

As universidades, no desenvolvemento desta lei, terán en conta as disposicións da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, e da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, no referente á integración de estudantes con discapacidades no ensino universitario, así como nos procesos de selección de persoal ó que se refire esta lei.

Disposición adicional vixésimo quinta. *Do acceso á universidade dos maiores de vinte e cinco anos e dos titulados de formación profesional.*

1. O Goberno, co informe previo do Consello de Coordinación Universitaria, regulará as condicións básicas para o acceso á universidade dos maiores de vinte e cinco anos que non reúnan os requisitos previstos no número 2 do artigo 42.

2. Para o acceso directo á universidade dos titulados de formación profesional terase en conta o previsto no artigo 35.4 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

Disposición adicional vixésimo sexta. *Da participación do persoal das escalas do Consello Superior de Investigacións Científicas nas comisións de habilitación.*

O Goberno, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria, regulará as condicións en que o persoal funcionario científico e investigador pertencente ás escalas do Consello Superior de Investigacións Científicas poderá formar parte das comisións de habilitación para participar nos concursos de acceso a prazas de funcionarios dos corpos docentes universitarios.

Disposición adicional vixésimo sétima. *Da incorporación de profesores doutros niveis educativos á universidade.*

O Goberno e as comunidades autónomas fomentarán convenios coas universidades co fin de facilitar a incorporación ós departamentos universitarios dos profesores dos corpos docentes ós que se refire a Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

Disposición transitoria primeira. *Da constitución do Consello de Coordinación Universitaria.*

O Goberno, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, adoptará nun prazo non superior a tres meses da entrada en vigor desta lei as medidas necesarias para a constitución do Consello de Coordinación Universitaria.

As competencias atribuídas por esta lei ó Consello de Coordinación Universitaria serán exercidas polo actual Consello de Universidades en tanto non se constituía aquel. Una vez constituído, o Consello de Coordinación Universitaria, no prazo máximo de seis meses, elaborará o seu regulamento. Ata a aprobación deste regulamento rexeráse polo actual do Consello de Universidades no que non se opoña ó disposto nesta lei.

Disposición transitoria segunda. *Do Claustro universitario, do rector e da aprobación dos estatutos das universidades públicas.*

1. No prazo máximo de seis meses, a partir da entrada en vigor desta lei, cada universidade procederá á constitución do Claustro universitario conforme o disposto nesta lei para a elaboración dos seus estatutos.

A Xunta de Goberno regulará a composición do devandito Claustro e a normativa para a súa elección. No citado Claustro, que terá un máximo de trescentos membros, estarán representados os distintos sectores da comunidade universitaria, sendo como mínimo o cincuenta e un por cento dos seus membros funcionarios doutros dos corpos docentes universitarios.

Elixido o Claustro universitario a que se refire o parágrafo primeiro, constituirase un Consello de Goberno provisional de acordo coas previsións desta lei.

O Claustro universitario elixido elaborará os estatutos, de acordo co procedemento e co réxime de maiorías que o mesmo Claustro estableza, no prazo máximo de nove meses a partir da súa constitución. Transcorrido este prazo sen que a universidade presentase os estatutos para o seu control de legalidade, o Consello de Goberno da comunidade autónoma acordará uns estatutos no prazo máximo de tres meses.

Os claustros das universidades que tiveren que se renovar no período comprendido entre a entrada en vigor desta lei e a constitución do Claustro universitario poderán permanecer ata a devandita constitución.

2. Os rectores que deban ser renovados, por finalización do mandato ou por vacante, no período com-

prendido entre a entrada en vigor desta lei e a aprobación dos estatutos, serano de conformidade coas previsións do artigo 20, se ben o procedemento, a regulación do cal se atribúe no devandito artigo ós estatutos, será establecido pola Xunta de Goberno ou, se é o caso, polo Consello de Goberno. En todo caso, o voto conxunto dos profesores funcionarios doutores dos corpos docentes universitarios terá o valor de, cando menos, o cincuenta e un por cento do total do voto a candidaturas validamente emitido pola comunidade universitaria.

3. Os estatutos establecerán as disposicións que regulen a continuidade, se é o caso, do Claustro elixido conforme o establecido no número 1, ata a súa elección de acordo co disposto nos propios estatutos. Así mesmo, os indicados estatutos disporán a continuidade, se é o caso, dos respectivos rectores ata a finalización do seu mandato conforme os actuais estatutos, ou a elección de novo rector.

4. Ata a publicación dos estatutos a que se refire o número 1, a Xunta de Goberno ou, se é o caso, o Consello de Goberno da universidade adoptará as normas oportunas para a aplicación do establecido nesta lei en todo aquilo en que os actuais estatutos se opoña a ela.

Disposición transitoria terceira. Da adaptación das universidades privadas a esta lei.

As universidades privadas actualmente existentes deberán adaptarse ás previsións desta lei no prazo de quince meses desde a súa entrada en vigor.

Non obstante, a porcentaxe a que se refire o número 2 do artigo 72 deberá alcanzarse no prazo máximo de cinco anos, contando desde a data de entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria cuarta. Dos actuais axudantes.

Os que no momento de entrada en vigor desta lei estean contratados en universidades públicas como axudantes poderán permanecer na súa mesma situación ata a extinción do contrato e da súa eventual renovación, conforme a lexislación que lles viña sendo aplicable. A partir dese momento, poderán vincularse a unha universidade pública nalgunha das categorías de persoal contratado previstas nesta lei e conforme o establecido nela, con exclusión da de axudante. Non obstante, no caso dos axudantes que estean en posesión do título de doutor para seren contratados como profesor axudante doutor non lles resultará aplicable o disposto no artigo 50 sobre a desvinculación da universidade contratante durante dous anos.

Disposición transitoria quinta. Dos actuais profesores asociados.

1. Os que no momento da entrada en vigor desta lei estean contratados en universidades públicas como profesores asociados poderán permanecer na súa mesma situación, conforme a lexislación que lles viña sendo aplicable, ata a finalización dos seus actuais contratos. Non obstante, os citados contratos poderanlles ser renovados conforme a lexislación que lles viña sendo aplicable, sen que a súa permanencia nesta situación poida prolongarse por máis de catro anos, contando desde a entrada en vigor desta lei.

A partir dese momento só poderán ser contratados nos termos previstos nesta lei. Non obstante, no caso dos profesores asociados que estean en posesión do título de doutor, para seren contratados como profesor axudante doutor non lles resultará aplicable o disposto

no artigo 50 sobre a desvinculación da universidade contratante durante dous anos.

2. O disposto no número anterior non será de aplicación ós actuais profesores asociados para os que a praza e o nomeamento traia causa do número 2 do artigo 105 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, que se rexerán polo establecido na disposición adicional décimo segunda.

Disposición transitoria sexta. Dos mestres de taller ou laboratorio e capataces de escolas técnicas.

Os funcionarios do corpo de mestres de taller ou laboratorio e capataces de escolas técnicas declarado a extinguir pola disposición transitoria quinta da Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, non integrados dentro do corpo de profesores titulares de escolas universitarias pola Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, permanecerán no corpo de orixe, sen prexuízo do seu dereito a se integraren no mencionado corpo de profesores titulares de escolas universitarias, nas súas propias prazas e realizando as mesmas funcións que veñen desenvolvendo, sempre que no prazo de cinco anos desde o 1 de xaneiro de 2000, data da entrada en vigor da citada Lei 55/1999, reúnan as condicións de titulación esixidas para acceder a el.

Disposición transitoria sétima. Dos profesores numerarios de escolas oficiais de náutica.

Os funcionarios do corpo de profesores numerarios de escolas oficiais de náutica, declarado a extinguir polo número 9 da disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, na redacción dada pola Lei 23/1988, do 28 de xullo, non integrados dentro do corpo de profesores titulares de universidade en virtude do establecido na citada lei, quedan integrados nas súas propias prazas, no mencionado corpo, sempre que estean en posesión do título de doutor, ou cando o obteñan no prazo de cinco anos, contados a partir da publicación desta lei.

Disposición transitoria oitava. Da aplicación das normas establecidas para a habilitación e para os concursos de acceso para prover prazas dos corpos de funcionarios docentes.

1. As normas establecidas na sección segunda do capítulo I do título IX para a habilitación e para o acceso a prazas de corpos de funcionarios docentes universitarios deberán cumprirse en tódalas convocatorias que se publiquen a partir da data de publicación desta lei no «Boletín Oficial del Estado».

Mentres non se produza a aprobación dos estatutos, a que se refire o número 1 da disposición transitoria segunda, as actuais xuntas de goberno das universidades adoptarán as medidas necesarias para facer posible a aplicación do establecido no parágrafo anterior.

2. Os concursos dos que se publicasen as convocatorias con anterioridade á publicación desta lei no «Boletín Oficial del Estado» realizaranse de acordo coas normas contidas na Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

1. Queda derogada a Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e en canto manteñan a vixencia, a Lei 8/1983, do 29 de xuño, sobre medidas urxentes en materia de órganos de goberno das universidades, o Decreto 2551/1972, do 21 de

xullo, sobre colexios universitarios, e o Decreto 2293/1973, do 17 de agosto, polo que se regulan as escolas universitarias, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto nesta lei.

Así mesmo, queda derogada a disposición adicional vixésima da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, modificada pola Lei 23/1988, do 23 de xullo.

2. Sen prexuízo do establecido na disposición transitoria segunda, en tanto se aproban os novos estatutos conformados a esta lei, a Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, continuará en vigor en canto se refire a órganos de goberno e representación das universidades.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ó amparo da competencia que lle corresponde ó Estado conforme o artigo 149.1.1, 15.^a, 18.^a e 30.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.*

O artigo 105 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, queda redactado como segue:

«Artigo 105.

1. No marco da planificación asistencial e docente das administracións públicas, o réxime de concertos entre as universidades e as institucións sanitarias poderá establecer a vinculación de determinadas prazas asistenciais da institución sanitaria con prazas docentes dos corpos de profesores de universidade.

As prazas así vinculadas proveranse por concurso entre os que fosen seleccionados nos concursos de acceso ós correspondentes corpos de funcionarios docentes universitarios, conforme as normas que lles son propias.

Os que participen nas probas de habilitación, previas ós mencionados concursos, ademais de reuniren os requisitos esixidos nas indicadas normas, acreditarán estar en posesión do título de médico especialista ou de farmacéutico especialista que proceda e cumpra-las esixencias que, en canto á súa cualificación asistencial, se determinen regulamentariamente. Na primeira das devanditas probas, as comisións deberán valorar os méritos e historial académico e investigador e os propios do labor asistencial dos candidatos, na forma que regulamentariamente se estableza.

Nas comisións que resolan os mencionados concursos de acceso, dous dos seus membros serán elixidos por sorteo público pola institución sanitaria correspondente.

2. Os concertos poderán establecer, así mesmo, un número de prazas de profesores asociados que deberá cubrirse por persoal asistencial que estea a prestar servizos na institución sanitaria concertada. Este número non será tido en conta para efectos da porcentaxe de contratados que rexe para as universidades públicas. Estes profesores asociados rexeranse polas normas propias dos profesores asociados da universidade, coas peculiaridades que regulamentariamente se establezan en canto ó réxime temporal dos seus contratos. Os estatutos da universidade deberán recoller fórmulas específicas para regular a participación destes profesores nos órganos de goberno da universidade.

3. Os concertos establecerán, así mesmo, o número de prazas de axudante e profesor axudante doutor, nas relacións de postos de traballo das universidades públicas, que deberán cubrirse mediante concursos públicos entre profesionais sanitarios que obtivesen o título de especialista nos tres anos anteriores á convocatoria do concurso.»

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Corresponde ó Goberno e ás comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias ditas as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Carácter de lei orgánica desta lei*

Esta lei ten o carácter de lei orgánica, con excepción dos seguintes preceptos: número 1 do artigo 3, os números 1, 2, 3 e 4 do artigo 4, os números 1, 2, 3 e 4 do artigo 6, todos eles do título I; os artigos 7, 8, 9 e 10 do capítulo I do título II; o capítulo I do título III; os títulos IV e V; o artigo 36 do título VI, o artigo 41 do título VII, o número 4 do artigo 46 do título VIII; o capítulo I do título IX; o título X; o título XI; o título XII (salvo o número 2 do artigo 85); o artigo 89 do título XIII, as disposicións adicionais primeira, segunda, terceira, cuarta (salvo o número 2), quinta, sexta, sétima, oitava, décima, décimo primeira, décimo segunda, décimo terceira, décimo cuarta, décimo sexta, décimo sétima, décimo oitava, décimo novena, vixésima, vixésimo primeira, vixésimo segunda, vixésimo sexta e vixésimo sétima; as disposicións transitorias primeira, segunda, cuarta, quinta, sexta, sétima e oitava; e as disposicións derradeiras primeira, segunda, terceira e quinta.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo os números 2 e 3 do artigo 42, que entrarán en vigor no momento en que a Lei 30/1974, do 24 de xullo, sobre probas de aptitude para o acceso ás facultades, escolas técnicas superiores, colexios universitarios e escolas universitarias, con valor regulamentario en virtude do número 4 da disposición derradeira cuarta da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, sexa expresamente derogada. Entrementes, manterase vixente o actual sistema de acceso ós estudos universitarios.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 21 de decembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

24624 LEI 20/2001, do 26 de decembro, sobre concesión dun crédito extraordinario por importe de 19.945.098.263 pesetas (119.872.454,79 euros) para atender insuficiencias de crédito producidas en exercicios anteriores pola compensación de xuros de préstamos á construción naval. («BOE» 310, do 27-12-2001.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As axudas á construción naval na lexislación española son de dous tipos, unhas axudas ó funcionamento a través da concesión de primas para a construción